As festas populares no entorno ribadense

Divulgación sobre as festas populares en Galicia realizada dentro do programa Sócrates - Comenius acc. 1 da U. E.
"www.festpop.edu"
Realizado no IES Porta da Auga

WWW.FESTPOP.EDU
Un Sitio Internet
Sobre as Festas Populares Euopeas

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
I.E.S. PORTA DA AUGA

As festas populares no entorno ribadense

Realizado no IES Porta da Auga

As festas populares no entorno ribadense

Indice

Introducción	3
Un achegamento ás festas do pobo en Galiza	6
Nota	9
Festas	11
Entroido	12
O Carme	50
San Xoan	55
Xira	58
A Madanela	75
San Lourenzo	80
Santa María do Campo	84
Festa do Santo Cristo	98
As Cruces	101
Festas das San Lucas	115
Festas Populares	120

Introducción

Preséntase aquí parte do traballo realizado no IES Porta da Auga de Ribadeo dentro dun programa Sócrates / Comenius - acc.1 da Unión Europea. Participan no mesmo o ITI F. Giordani de Nápoles (Italia) como coordinador, o Athenée Royale de Peruwelz (Bélxica), o ITI Settimo de Nápoles e o Licée Auguste Aymard de Espaly-St. Marcel (Francia).

En cada un dos centros referidos estúdianse as festas populares na súa zona. No noso caso, con preferencia as do concello de Ribadeo, que se presentan nesta publicación de xeito illado como proba para a posta en común que se realizará en menos dun ano.

O obxectivo deste traballo é achegar a esencia das festas populares en Europa á xeración que se está a formar e á sociedade en xeral. Non se trata só de vivi-la festa, senón de catalogala, comprendela, difundila e evitar así que unha das características do vivir europeo sexa borrada da conciencia popular.

Cando en 1998 nos puxemos en contacto con xente doutros catro centros educativos de varios países, a principal idea que nos guiaba era traballar en común, abrirnos á colaboración con outros lugares desta casa que estamos a construír dende máis de vinte séculos e que se chama Europa. O tempo fixo que a relación mutua potenciara outros obxectivos, á vez que permitiu estructura-lo traballo.

Unha vez establecido o contacto, o primeiro paso foi constituír un equipo de colaboradores entre o profesorado para dirixi-lo traballo e potencialo. O segundo paso foron os estudiantes. Para facer unha primeira proposta, escolléronse grupos que ían continuar durante varios anos máis no centro educativo. Presentóuselles unha enquisa para cubrir con datos sobre algunha festa popular que viviran. Fíxose como un traballo máis para a clase, e o resultado foron un montón de enquisas con datos de festas variadas, cubrindo a maior parte de Galicia. Impúxose a selección. Collendo as festas do entorno próximo de Ribadeo e con varias enquisas respostadas, aínda quedaron unha morea. Á fin, por acordo cos outros socios europeos, decidiuse coller un total de dez. Desas escollidas, buscouse información diversa, documentos gráficos e sonoros, ... e unha vez feita a primeira ordenación dos materiais, continuamos, tratando de mellorar a recollida de información e a presentación da mesma.

O equipo inicial cambiou. Tanto de profesorado como de alumnado: a algunha variación de profesores dentro do centro educativo sumouse a introducción no programa de alumnos máis novos como colaboradores e do cesé doutros máis vellos por fin de estudios, cambio de centro ou mesmo cambio de intereses. Foron axustes pequenos, pero importantes para o proxecto.

Sendo só unha parte do centro educativo a participante, o proxecto logrou mover os ánimos do conxunto da institución. Dende o seu comezo, pode dicirse que contribuiu a abri-las portas a Europa, de xeito que na actualidade hai en marcha varias propostas máis en colaboración con outras entidades de toda a Unión, ó tempo que os alumnos sentense participantes desa idea común. Asemade, o tema de traballo entrou na mesma xente, pasando a ser algo máis, un sentimento de festa compartida cos compañeiros doutros países, festa que se materializa nas visitas de traballo que se fan e os contactos a tódolos niveis e na que se nota o ánimo da xente crecendo a medida que se vai activando dito sentimento.

O tema festivo é un camiño que, des que comezamos a tarefa, detectamos que outra xente ten seguido, presentando a visión de diversas festas. Nembargantes, non por eso a labor terá rematada con un ou moitos sinxelos traballos, pois o tratar de facer patente o xeito de diversión por moitas xeracións en Europa, a nosa casa, e de xeito comparado, confrontando semellanzas e disparidades, é só unha parte do que anima o noso espírito para compredérmonos a nós mesmos a través das festas. Non hai problema de acabar coa materia de estudio.

O proxecto, a tres anos vista, rematará no curso 2001-2002, e nel leva intervido boa parte do alumnado do centro en diversas tarefas, como recollida de datos, material sonoro ou gráfico, redacción de documentación, etc.

Cada certo tempo hai unha reunión internacional para seguemento e axuste do realizado, como a mantida no noso centro en febreiro de 2000 ou a visita efectuada por representantes belgas en marzo-abril deste ano 2001. O material recollido estase estructurando nunha páxina web de xeito conxunto entre os cinco centros. A páxina preténdese que sexa atendida cun servicio de correo electrónico polos alumnos de cada centro no que respecta ás preguntas sobre as festas das que recolleran información. No noso caso, estase a experimentar dita páxina na dirección web do IES Porta da Auga.

O traballo desenvolto ata o momento, dun xeito dinámico, fai que

a visión do mesmo sexa cambiante, adaptándose ás circunstancias e buscando o seu propio camiño para mellorar, integra-las ideas, buscar novos métodos, ... ó igual que os propios participantes ou que a xente nunha festa popular, e tamén parello ó que queremos para toda Europa.

Queda, por último, agradecer a toda a xente que puxo o seu gran de area a este proxecto, sen ter unha relación directa co IES. É moita xente, e fixo que nos esquecemos de alguén, á parte de Antonio Rúa, Rodil, Primi, Malén, Roberto, José Luis, Cándido Sanjurjo ou ... ti mesmo que estás a ler estas palabras e que se non colaboraches con nós ata o momento podes facelo no futuro.

Antonio Gregorio Montes

Un achegamento ás festas do pobo en Galicia

Xente, motivo, lugar. Hai máis variables que inflúen na realización dunha festa, pero esas son as básicas. As demais que se poidan poñer, como mínimo están relacionadas coas anteriores, cando non están supeditadas a aquelas. Máis discutible será o poñelas nunha ou outra orde.

Cando tratamos de comparar unhas festas con outras, para mostrar o que teñen de común e o seu feito diferencial, o que estamos é poñendo a énfase na cultura do pobo, os medios de que dispón, o seu xeito de ve-la vida, ... é dicir, na apreciación do mundo que rodea á xente que a celebra. Temos logo unha das variables citadas como base: a xente. As outras dúas xorden de xeito espontáneo de como ven as persoas o mundo. Unha trata de cualificar o propio entorno dun xeito obxectivo, se ben aquel sempre é modificado pola mesma xente que o habita. Estamos pois considerando a postura da mesma xente fronte ó material, ó medio, ó lugar. A outra recolle a forma máis xenuina da subxectividade do pobo, o mundo das crenzas, das ideas...

Miremos a Galicia, a Ribadeo en concreto. ¿Que características teñen estas tres variables?

Ribadeo está situado a 43º30'N, 7º5'O, no límite entre dúas comunidades administrativas diferentes: Galicia, da que depende, e Asturias. A zona ten raíces agrarias ata os nosos días, pero con influencia da costa, e estes últimos anos, do turismo.

A poboación na nosa terra está dispersa moitas veces en pequenas comunidades de só catro ou cinco casas, chamadas "lugar" ou "barrio" (en ningún caso pasan de 100 persoas), agrupadas nas "aldeas" que unhas veces de xeito independente, outras en grupo, forman a "parroquia" (unha parroquia pode ter unha extensión duns 10 ou 20 quilómetros cadrados). A parroquia ten como referente unha igrexa, e agrúpanse nunha entidade de maior poboación e que forma unha unidade de tipo administrativo: o "concello". Esta división, mais a dificultade de comunicacións tradicional, fai proliferar as festas de advocación ós diversos santos e patróns, pero tamén (aínda que en menor medida) outras de tipo gastronómico, máis modernas, ou histórico. Aínda fai que poidan observarse moitas veces pequenas variacións nas celebracións entre uns e outros lugares, que son significativas por ser zonas relativamente illadas ata hai pouco tempo.

En Galicia, en xeral, a xeografía amosa núcleos de poboación moi pequenos e moi dispersos, chuvias abundantes, campos verdes e bosques nas ladeiras das montañas, boa parte do tempo difusas entre brumas, moi mal comunicadas. Non se nota un desenvolvemento industrial acusado, pero si, na década de 1990, un despegue turístico en toda a zona costeira, sen a penas afectar ó interior, a uns poucos quilómetros da costa.

Así pódese comprender que as festas dispoñan dunha forte compoñente familiar, de xuntanza das diversas ramas dunha mesma familia, ás veces separadas por moitos quilómetros debido á emigración. É un momento de encontro non só con outros familiares, senón con amigos de hai tempo.

Resultado: as festas, aínda hoxe en día, cunha revolución das comunicacións e transportes, cumpren unha función social e mantéñense como algo propio non só cultural, senón de identidade como gran familia. O anterior lévanos a ver unha festa dun lugar como algo reducido e cerrado. En certa forma, é así. Pero ó tempo, polos sinais de identidade do propio lugar e os seus habitantes, constitúe unha exposición do que queren mostrar ó exterior e unha forma de abrirse máis aló deses límites, un auténtico xogo de luces de artificio para amosarse.

A pouca xente que constitúe os núcleos de poboación fan que os presupostos sexan minúsculos en relación a outras festas noutros lugares de Europa, non sobrepasando ás veces nin os 2000 euros, fronte a presupostos centos de veces superiores en pobos (non cidades) de Bélxica ou Francia, por exemplo. En compensación, a participacón da xente é grande aínda cando se di que non son festas participativas. Esta contradicción aparente resólvese cando se fai notar que a pouca participación necesaria absorbe a toda a xente dispoñible no pequeno entorno no que se celebran, non deixando lugar para aumentar a actividade noutros feitos accesorios.

En canto ó motivo, a grande maioría son de orixe relixiosa, entroncando moitas veces con celebracións do ciclo agrario. Nun entorno cerrado como o da aldea, coa figura do párroco como prominente, é normal que a derivación festeira se faga en particular cara a festas desta orixe, aínda que en principio as celebracións poidan ter outras compoñentes máis fortes. A adicación da poboación ós labores do campo fai que coincidan moitas veces as datas coas de relación entre agricultores (mercado, colleita, ...), períodos de descanso (despois da sega) ... e co período de bo tempo, que propicia a relación humana.

Tamén segue a haber moitas veces nas festas en Galicia unha relación co misterioso, buscando as raíces en crenzas fóra do cristianismo, agochadas no propio carácter retraído da xente e do lugar que habita.

En resume, buscando definir as festas na nosa terra, poderiamos cualificalas de microfestas enraizadas nun corazón popular que busca abrirse ó mundo externo gardando a propia identidade.

A expresión, diferente. O fondo, abondo parello a outros lugares de Europa, xa no mundo rural antes do desenvolvemento das modernas comunicacións. Dende unha mirada desligada da terra, un anacronismo que se resiste a desaparecer. Dende dentro, unha necesidade e un orgullo.

Antonio Gregorio Montes

Nota

As seguintes páxinas presentan diversas festas en profundidade tamén moi diferente. Pretendemos estructuralas o mellor posible, pero de ningunha temos a información completa, e por eso mesmo agradecemos calquera colaboración para mellorar esta edición no futuro.

Presentamos a continuación un modelo de enquisa sobre o que se traballou para a recollida de datos, que pasamos a explicar.

Aparece primeiro o espacio para o nome da eprsoa que recolle os datos, para poder contactar con ela e entercambiar información e contrastala. Despois recóllese o nome da festa, cun apartado, "traducción", que corresponde á posible introducción doutros nomes populares, castelanizados, paganizados, etc., mesmo á traducción en outros idiomas (lémbrese que corresponde a un proxecto de ámbito europeo, con enquisas semellantes en catro países da UE)

No lugar, especifícanse país, rexión e localidade, e, no noso caso, a localidade fai mención da parroquia.

En tempos, establécese a pauta para determinar se é festa fixa ou móbil, a súa duración aproximada en xornadas e o horario para determinar se é festa de todo o día, de noite, etc.

Na descrición, aténdese ó motivo que da lugar á festa, o tipo de festa (dividindo a percepción en festa relixiosa ou non e o ambiente en que se desenvolve), e logo pásase ó "punteado" dos elementos esenciais. A destacar, se se celebran funcións na eirexa, se hai procesións, se hai ou non participación por parte da xente que acude ou é unha montaxe a disfrutar de xeito externo, se hai desfiles e montaxes de carrozas, fogos artificiais, teatro na rúa, ou desenvolvemento de xogos tracionais. Asemade, trátase de ve-la existencia de música de diverso tipo, se é unha festa dirixida a certo sector de poboación ou aberta, e se se realiza venda de productos.

Complétase a enquisa con diversas informacións como como chegar ou ónde se pode pedir información.

Naturalmente, cada enquisa é despois acompañada de informacións complementarias ou explicativas.

Proxecto Educativo Europeo
"WWW.FESTPOP.EDU

Enquisa para a catalogación das festas populares

Datos recollidos por: _____

1. Nome da festa
1.1 Orixinal _____
1.2 Traducción _____
2. Lugar
2.1 País _____ 2.2 Rexión _____ 2.3 Localidade _____
3. Tempos
3.1 Data d___m___ (data fixa) Periodo (se é festa móbil) _____
3.2 Duración _____ 3.3 Horario _____
4. Descripción
4.1 Ocasión/ motivación _____
4.2 Orixe (festa relixiosa / pagana) _____
4.3 Ambiente _____
4.4 Elementos esenciais

ritos relixiosos na eirexa	si[ ]
procesións	si[ ]
participación directa dos presentes	si[ ]
desfile en traxe típico	si[ ]
carrozas	si[ ]
fogos artificiais	si[ ]
teatro de rúa	si[ ]
xogos tradicionais	si[ ]
¿cáles? _____	
música e baile banda	si[ ]
grupos espontáneos de músicos	si[ ]
cantos	si[ ]
bailes tradicionais	si[ ]
bailes modernos	si[ ]
participación principal	
homes [ ] mulleres [ ] nenos [ ] xóvenes [ ]	
venda de productos artesáns locais	si[ ]
alimentos tradicionais	si[ ]
animais	si[ ]
feira / mercado	si[ ]
outro _____	

5. Informacións útis
5.1 Para saber máis (Bibliografía, documentos, ...)
5.2Como se chega _____
5.3Pode requerirse información a

Festas

Proxecto Educativo Europeo
"WWW.FESTPOP.EDU

Enquisa para a catalogación das festas populares / Tabulación de respostas

1. Nome da festa

1.1 Orixinal: ***Entroido ou antroido***

folleto das festas de 1999

1.2 Traducción: Carnaval

2. Lugar

2.1 País: España 2.2 Rexión: Galicia

2.3 Localidade: Ribadeo

A ficha fai referencia a este antroido en particular, pero antroidos ou carnavales celébranse en toda a rexión.

3. Tempos

3.1 Data día/mes / Periodo (se é festa móbil): antes de comeza-la coresma. En 1999, na segunda semana de febreiro.

3.2 Duración: unha semana de xeito aproximado, se ben o máis soado sitúase no martes da semana.

3.3 Horario: Perante todo o día, se ben as actividades son de tarde ou noite.

4. Descripción

4.1 Ocasión/ motivación: aproveitar os derradeiros días antes da coresma. Na actualidade conta tanto a tradición como o ser un momento de divertimento xeral.

4.2 Orixe (festa relixiosa / pagana): pagana

4.3 Ambiente: disfraces, desfiles, xolgorio, en xeral, o que se denomina ambiente festivo.

4.4 Elementos esenciais (se son esenciais, n se non o son):

ritos relixiosos na eirexa: non direitamente, se ben a imposición da cinza o mércores marca un fin "oficial" para o antroido.

procesións: non, pero si desfiles de disfraces.

participación directa dos presentes: si. É básica, sendo boa parte da xente actuante e espectadora ó tempo.

desfile en traxe típico: si. Non é o típico de gala rexional, pero si require o disfraz, traxe diferente no normal.

carrozas: si. Os disfraces en grupo ou individuais poden ir acompañados ou estar insertos en carrozas.

fogos artificiais: si. Concéntranse a meirande parte na chamada queima do antroido

teatro de rúa: si. Os disfraces conlevan o facer a representación de cada persoaxe. É esencial, aínda que é dun xeito libre, sen guión.

xogos tradicionais: non

¿cáles?:

musica e baile:

banda: non dun xeito organizado.

grupos espontáneos de músicos: si. A medio camiño entre a banda formal e os grupos espontáneos están as comparsas, cada unha cos seu sons.

cantos: si. As chirigotas de antroido varían de ano en ano.

bailes tradicionais: si. Interpretados de xeito libre polas comparsas, varían de ano en ano, non podéndoselles asingnar á categoría de modernos.

bailes modernos: non.

participación principal (h, homes; m, mulleres; n, nenos; x, xóvenes): todos. participan ás veces familias enteiras en conxunto. Outras, por separado ou elementos soltos dela.

venta de productos artisáns locais: non.

alimentos tradicionais: si. Se ben non existe en xeral venta, si hai alimentos tradionais, como filloas, freixós, orellas ou buñuelos.

animais: non.

feira / mercado: non.

outro: A confección de máscaras estáse a extender, complementando as actividades de preparación do antroido, como a organización das charangas (cantos, vestidos, baile...), a preparación de disfraces e carrozas, ...

A continuación expoñense as imaxes do díptico anunciador das festas (a portada corresponde co cartel antes visionado)

5. Informacións útiles

5.1 Para saber máis (Bibliografía, documentos, ...): non existen libros adicados ó antroido ribadense, pero pódese consultar dun xeito xeral o libro "Guía de Fiestas Populares de Galicia" (González Reboredo, X.M., Ed. Galaxia, Vigo 1997) e en particular, para dar noticia do mesmo, a prensa das datas señaladas, como o semanario "La Comarca del Eo", onde é publicada toda a programación prevista, así como da noticia do seu desenvolvemento e tamén soe publicar o pregón.

5.2 Como se chega: A festa exténdese por todo o pobo. A Ribadeo chégase pola estrada N634, pola costa, ou dende o interior pola N640. Asemade, por ferrocarril na liña Ferrol-Xixón, e por barco (particular). Ribadeo está situada na costa do mar Cantábrico, a 43º30'N, 7º5'W.

5.3 Pode requerirse información a: no Concello de Ribadeo, Casa do Concello, Pza. España, 27700 Ribadeo (Lugo) - España. Tf. 982 128 650 e 982 128 662. Tamén direitamente á comisión do antroido (dous membros da comisión en "traxe de faena")da edición que corresponda.

Datos recollidos por: García Oliveros, Manuel
Gómez Yáñez, Rebeca
López Díaz, Susana
López López, Javier
López Pulpeiro, Ánxela
López Teijeiro, Vanessa
Luna Jartín, Antonio

6. Comentario xeral / Aclaracións ós datos antes expostos e outras informacións (aínda que está en elaboración, a completar con fotos, vídeo, carteis, pregóns, ... expoñemos aquí retazos collidos de varios traballos presentados).

Gómez Yáñez, Rebeca:

[...] as rúas vístense de cor durante case unha semana. Nenos e maiores desfrutan o mesmo ó disfrazarse, e nas casas non poden faltar as comidas típicas como son as filloas, as orellas e todo tipo de doces.

Aínda que o gran día é o martes, os días anteriores xa percorren por Ribadeo os máis diversos disfraces, e como non, as charangas, coas súas cancións ruidosas e divertidas. Pero ó chegar o martes tamén chega o desfile. Aquí si que hai traxes e vestimentas de todo tipo, todo vale para cambiar de imaxe anque só sexa un día. Ademais todos queren gañar o primeiro premio e a imaxinación de cada un é o que conta. Neste desfile xa se viu algunha vez a altos cargos do governo, a persoas que case se pode dicir que levan un disfraz reciclado, outros optan por unha imaxe máis elegante e cóbrense de plumas, e así podería seguir indicando os traxes máis extravagantes. Pero sin duda, o que máis chama a atención son as charangas, ó mellor é porque os traxes que van levar é un dos segredos mellor gardados, ou pola rivalidade que hai entre elas, pois case sempre participan as mesmas cada ano. ¡Ai! cáse me esquecía doutra parte importante deste acontecemento. Falo das carrozas. Estas soen ser as máis divertidas, xa que ás veces montan cada unha ...

Esto non remata aquí, xa que é pola noite cando os rapaces e rapazas do pobo se disfrazan para saír e pasalo ben cos amigos.

Ó chegar o mércores xa non se ven tantas cores pola rúa, aínda que de xeito oficial estas festas non rematan ata a queima do antroido, que se celebra o sábado seguinte. Aquí se que xa non se ven cores, xa que non hai máis que viuvas chorando.

En Ribadeo para pechar o entroido vense facendo dende hai uns cantos anos [...] un enorme boneco. E cada ano é distinto. O que se fai co señor antroido (que así se chama) é queimalo mentres as charangas e comparsas gañadoras tocan xa as súas coñecidas composicións. Non é un final moi agraciado, pero como dixen antes, tódolos anos revive de novo.

Desfile de charangas o martes de antroido. Antroido preparado para a queima.

López Teijeiro, Vanessa: O antroido é un período de tempo festivo que abarca os tres días anteriores ó mércores de cinza, polo que non existe unha data concreta para dita festividade. [...]

O día grande en Ribadeo é o chamado "martes de antroido", no que as carrozas, charangas, parellas, grupos e máscaras saca á luz o traballo de varios meses. [...]

Con esto remata un dos periodos máis divertidos do ano. A diversión e as bromas son o toque especial destas festas.

López Pulpeiro, Ánxela: O antroido é unha festa típica [...]; esta

coincide cos carnavales.

[...] Pasado o martes de carnaval, o sábado seguinte é a queima do antroido. Este é un boneco grande. [...] Este día saen as charangas ata onde está el. Tamén se disfraza a xente: sáese disfrazados de viuvas, pois o antroido era o seu marido.

Rematada a queima do antroido, hai unha serie de fogos artificiais que a xente soe ir ver dende puntos estratéxicos. todo isto soe ocorrer cara á tardiña ou máis ben a noitiña. Para queimar o antroido, colócase baixo el uns coetes, e na cabeza outro. comézase queimando polos pés e cando chega á cabeza pódese oir unha grande explosión.

López López, Javier:

(Referido ó martes de antroido) Neste día, os principais manxares son: grelos con patacas brancas, a cachola, o butelo, o lacón, chourizos, e, de postre, rosquillas, freixolos, orellas, ...

Despois de todos estos manxares pola noite cada persoa con cadanseu disfraz sae pola rúa gastándolle bromas a coñecidos e sen coñecer ata altas horas da noite.

Outros:

En anos recentes, o antroido sufríu diversas variacións, algunhas que perviven e outras que non.

Un fito recente é a inclusión do antroido no Guinness dos records como o maior boneco.

Hai que aclarar que o boneco quéimase como remate "oficial" da festa, de noite, na chamada quiema do antroido, na que tamén se acompañan fogos de artificio. Á velada asisten non só as charangas e disfraces diversos, senón sobre todo as "viudas" que, ó remate do antroido, quedan sen o seu consorte.

Xunto co antroido, tamén se pasean os cocos (o coco e a coca), imaxes típicas de Ribadeo, e os cabezudos, alusivos a persoaxes de contos.

Como comentario do díptico anunciador, nótase que cada día ten un mote que o caracteriza, o que é común ós antroidos nesta parte do planeta.

O Pregón non está extendido a tódolos antroidos, senón que é algo particular nalgunha zona.

Polo medio realízase unha festa gastronómica que se emprega para obter cartos para a celebración, a parte das xornadas gastronómicas que poden realizar determinadas empresas, como a que se ve anunciando na derradeira páxina do díptico.

O que se anuncia no díptico son os actos organizados, que varían lixeiramente de ano en ano. Nembargantes, a esencia da festa está nos actos non organizados direitamente pola comisión, a actuación das máscaras, que aproveitan e acompañan ós anteriores.

O antroido dos nenos non é preceptivo neste tipo de celebracións, pasando por unha festa para atraer ós menores ó resto das actividades.

Para calibrar os premios, hai que ter conta que:

1. varían de ano en ano, segundo o presuposto da comisión.
2. 166,386 Ptas.=1 Euro
3. As carrozas implican algún tipo de axuda para desprazamento, xeralmente a base de motores. Os grupos e comparsas son asociacións de varias persoas (máis de dúas, que corresponde á parellas). As charangas son organizadas para todo o antroido, non actuando só no desfile. Por último, están os disfraces individuais, que poden ser tamén motorizados.

O concurso popular de fotografía vai cobrando cada vez máis valor, pero é algo introducido de novo fai relativamente pouco. A portada do díptico reproducido corresponde ó premio fotográfico da pasada edición.

Unha mellor idea da celebración desta festa pode terse cos documentos expostos a continuación:



comparativa de tamaño da cabeza do boneco

Folleto sobre a entrega da certificación Guines



Queima do boneco.

Pregón 1996

Pregoeiro: Roberto Rodríguez Rodríguez

Boas noites, señoras, señores, amigos todos do Antroido.

Reunímonos hoxe para rendir tributo un ano máis ó antroido ribadense.

E xa é casualidade que teñamos que coincidir no principio dunha nova campaña electoral na que posiblemente algúns dos candi-datos pasen por esta tribuna para ofrecernos as rebaixas de marzo, con novos cantos de sirena que bulirán nos nosos oídos cunha letra amorosa tópica:

"Hoxe queroche máis ca onte pero moito menos que mañá". Por suposto que non se refiren a nos, electores, senón ó noso voto.

Se o analizamos en clave de humor, o político, en abstracto, para que ninguén se sinta ofendido, debe ser un gran amante do Carnaval ou o que é o mesmo, do transformismo, por aquelo dos constantes cambios de discurso, de chaqueta e... mesmo de traxe.

O bo político pasa o ano disfrazado, diría máis, toda a súa vida pública. Nunha palabra, sempre está disposto para interpretar.

A moitos venlles como anel ó dedo aquel rótulo que aparece nalgunhas películas, no que avisan de que "calquer parecido dos persoaxes ou situacións ca realidade é pura coincidencia". Eso mesmo escribíu Leopoldo Calvo Sotelo, pai, en Ribanova, e xa saben cal foi o resultado.

No séculoXVII, por algo escribiu Calderón de la Barca a obra titulada "El gran teatro del mundo". Sen dúbida este mundo é un gran teatro e como tal teñen que existir tanto escearios como actores e... público.

Mesmo quen lles está a falar, no pasado outono intentaba discurrir algún novo disfraz para estrear este Carnaval, e miren por onde, se está vendo obrigado a lucir o primeiro disfraz do Antroido de 1996, subindo a este escenario e interpretando o persoaxe de pregoneiro.

Asaltáronme moitas dúbidas acerca dos complementos necesarios para tan festiva presencia, non faltando quen me ofertara capa, sombreiro de copa ó máis puro estilo inglés, antifaz e incluso máscara.

Optei polo que vostedes ven. E non me negarán que nun pregón de carnaval, vir de chaqeta e garabata tradicional, se pode considerar un

disfraz. Serio, pero ó fin e ó cabo... un disfraz.

E de tal guisa, pregoar as festas do Antroido, festas populares por excelencia e ancestrais que se remontan no seu nacemento a noite dos tempos.

Todos saben que o carnaval se celebra nos días anteriores ó mércores de cinza.

Pero seguro que moitos desconocen que nalgúns lugares na antigüedade comezaban o 6 de xaneiro, sendo en Venecia máis madrugadores pois iniciábanse o 26 de decembro.

En Milán prolongábanse tres días despois do mércores de cinza.

En España ata o domingo de piñata.

Desde o punto de vista etimolóxico non resulta doado averiguar con certeza a súa orixe. Carne - vale significa literalmente CARNE - ADIOS, e refírese o período anterior ó tempo de penitencia eclesiástico.

Carnestolendas de CARO - CARNE, TOLLENDA - QUE SE HA DE QUITAR.

A principal acepción parece ser a romana car - navale, carrus navalis, carro naval.

Carnaval deriva directamente das Saturnais romanas.

Pero atópanse vestixios non so no Imperio romano, senón tamén en Grecia, países teutóns e celtas.

Festas de carácter relixioso para celebra-lo ano novo e que iste fora favorable, ou o entrar na primavera que simbolizaba o rexurdimento da natureza.

Nelas paseábase en procesión un barco nun carro con rodas, o CARRUS NAVALIS, con mascaradas que executaban enriba do carro danzas subidas de tono e cancións de sátira, sarcásticas.

Esta costume sigue vixente en España, concretamente en Reus, a embarcación encima dun carro é arrastrada por cabalerías, tripulada por homes vestidos de mariñeiros que votan frores e doces os espectadores.

Procesións desta índole rexístranse en Grecia no século VI a. de C. segundo acreditan pinturas de vasos daquel tempo.

Na antiga Xermania estas festas enxendraron as representacións dramáticas con fondo relixioso, sendo citadas por Tácito.

En Grecia éstas adicábanse a Dionisios do que o seu equivalente en Roma foi Baco con raíces na divinidade exipcia Isis.

Os teutóns adicábanas a Nherta, a Nai Térra.

Tamén nos pobos celtas que se asentaron en Galiza estaban implantadas as festas da primavera.

Bacanais, Saturnais e Dupercais rematan sendo empapadas polo espíritu do desorden civil e o sarcasmo.

As máscaras de carnaval nun principio teñen carácter relixioso espiritual derivando do culto ós mortos. Así podemos entender mellor o por qué en España, Italia e Francia, por exemplo, se celebra o enterro do Carnaval. En Creta, Olimpia, Rodas e mesmo noutros lugares de Grecia, inmolaban cada ano a Cronos, un home que en Rodas era levado ás aforas embarrado e morto. Os xudeos tódolos anos na festa dos Purim tiñan por costume crucificar unha efixie de Amán para logo queimala.

Como ven, o porco ribadense e maila queima do antroido non difiren en nada destes ritos milenarios.

Mais, deixémolo pasado e centrémonos no pasado inmediato e no presente. Sinto unha enorme alegría ó recordar as inquietudes daquel numeroso grupo de amigos, 23 para ser exactos, reunidos en 1983 para intentar reavivar o Antroido ribadense de antaño, do que tantas anécdotas contaban os nosos maiores. Unha primeira comisión que foi xermen das posteriores e que tan ben representada está nos membros da actual que non escatimaron esforzos e traballo para seguir facendo do carnaval riba-dense a festa máis popular de tódalas que celebramos ó longo e ancho do ano. E para mosta un botón: Os carnavais de 1984, primeiros desta época actual, nos que tivemos a sorte de poder contribuir a sacalos adiante, tiveron un presuposto de 740.000 ptas. do que sobraron 80.963 ptas. destinadas o carnaval de 1985.

E os que pregoamos hoxe, requiren de varios millóns, o que da idea do enorme traballo e sinsabores dos organizadores ós que públicamente felicito dende aquí.

Permítanme rescatar por uns intres do baúl dos recordos excelentes disfraces, interpretados por persoas cun grande sentido artístico e cheos de humor. Algúns presentes aquí, entre vostedes, pero que me vou coidar moito de non descubrir.

Disfraces como o de guardia municipal que un martes de carnaval dirixíu con maestría e inxenio o tráfico ribadense e que ás 5 da madrugada, diante do Deimos, cortaba intermitentemente o intenso tráfico para deixar pasar unha, outra, outra e... outra vez, colmando a paciencia dos conductores, a un peatón cunha perna escaiolada.

Xenial. O único verdadeiro era a perna lesionada do peatón.

E que decir do disfraz da leiteira ribadense da nosa infancia, chegada tódolos días desde Vilaframil. Estoume a referir a Angélica.

A súa bicicleta, as botellas no portabultos e os xarróns no mani-

llar. ¡Cómo deu o timo!

¿Recordan o disfraz de Charlie Rivel? ¿E o troglodita dun carnaval de verán aquí en Rosa Lar? ¡Que artistas!

Ou a meiga que con escoba en ristre percorreu subida no camión do lixo as rúas ribadenses noutra noite de carnaval, etc., etc.

Non ofrece discusión que Ribadeo ten unha vena moi elegante para a recreación, o humor e... a crítica.

Non poden faltar neste recorda-torio as persoas, artesáns, que crearon verdadeiras obras de arte nos disfraces dos últimos anos. Veñen á memoria os instrumentos musicais, o flautista de Hamelín, a gran mariscada, e tantos e tantos...

E que me din dos máis de douscentos membros de charangas que dende semáns sentimos a través das nosas fiestras o son dos seus ritmos que inundarán as rúas neste Carnaval cheo de colorido.

Todos son partícipes da categoría e o éxito acadado polo Antroido.

Non poido concluir sin recordar e rendir tributo a dous ribadenses de distinta época pero que coincidían na gracia e encanto persoal á hora de poñer disfraz.

Don Fernando Recarey "O mejicano" que agonizante o 6 de marzo de 1878, sábado de Carnaval, arredor das 10 da noite saíu, según ten contado por escrito don Dionisio Gamallo, ó balcón da súa casa e preguntando a xente que se atopaba na calle: "¡Mascaritas! ¿Me conoceis? ¡Soy Recarey, disfrazado de di...fun...to...o...o...o!" para a continuación retirarse ó interior da alcoba. Acababa de cumplir co seu derradeiro rito carnavalesco e desplomábase inerte no leito.

O outro persoaxe é recente. Refírome a Antonio O Serranillo, todo él ironía, impenitente disfrazado ano tras ano e que por cousas que ten o destino, recibíu sepultura o Martes de Carnaval fai agora un ano.

Pero non é momento de poñerse serios. Escollámolo disfraz e transformemos estes días nunha festa continua, en armonía, e os que non se disfracen, representarán o papel de miróns, tratando.de descubrir a quen se esconde baixo as máscaras máis variopintas. Orixinais unhas, atrevidas outras, pero... en fin... todas ca idea de pasalo ben.

Non deixemos de lado a atraínte gastronomía, propia destes días, cun protagonista de excepción: O porco.

E retomando a leria inicial deste pregón, recordarlles que estes son uns bos días de entrenamento e ensaio para os políticos en activo e para os que aspiran a selo algún día.

No nome da Comisión pido a participación de todos, porque o Carnaval pode considerarse un compendio do programa dos parti-dos políticos. Un programa en suma, moi serio. Vexan sino:

Non é monopolio de esquerdas nin de dereitas. É plural. Disfrútase en bloque, unidos. É galego. É nacionalista. É popular. Permite criticar e rirse, ata dun mesmo. E... xa me dirán sí esto non é serio.

Feliz Antroido e moitas gracias pola súa presencia.

membros da comisión nunha pequena festa tratando de obter fondos.

Pregón 1997

Pregoeiro: Antonio Gregorio Montes

"O antroido do futuro"

Boas tardes.

"Actuar é un luxo que permite mostra-los sentimentos que de outro xeito daría vergoña ensinar". É unha cita de Robert de Niro, que debe saber abondo do tema, tomada dunha entrevista de "El Semanal" de 24 de novembro do pasado ano 1996. A traducción ó noso caso podería ser: O disfraz de antroido permite facer moitas cousas que en outro caso serían vistas con moi malos ollos (aínda así o son moitas veces). Dito esto, ¡pechade a porta!. Que ninguén escape.

"O bo, se é breve, dúas veces bo", en pluma de Baltasar Gracián. Do que non é tan bo, non dí nada. Polo tanto, temede o peor, porque xa non me vexo constreñido pola sentencia.

Parece que este ano son eu o pregoeiro do antroido. Por eso aquí estou, disfrazado de entendido na materia, e tomando as medidas oportunas. Estou sen toga nin birrete: todo disfraz ten os seus límites, e un deles púxeno aí. Disfrazarme con roupa non me gusta especialmente, pero actuar xa é outra cousa. E actuar é un xeito de disfrazarse. Dende logo, hai outros. Por exemplo, ¿alguén se lembra do antroido que viviu o Inspector Lupa?. Ese si que foi un bo disfraz, tanto cando andaba vendo os disfraces como cando non o facía. Aínda non sei quen foi, e non me parece que o saiba moita xente.

Xa metidos en materia, ¿por que me elixiron para o pregón?.

É unha pregunta que me fixen. Tiña o dilema de contestarme a min mesmo de varias formas. Unha resposta sería: "porque és un paiaso" (podería engadrille despois, por exemplo, "pailán", e así queda mellor: "porque és un paiaso, pailán"). Por contra, tamen podía contestarme: "porque és serio" (neste caso, engadiría algo así como "home": "porque és serio, home").

Elixín o último, gustóume máis. Por eso mesmo me permito facer un comentario como este aquí, diante de tanta xente. Eu considérome serio, e o antroido é para que os serios, as persoas que non se permiten o saírse do seu papel, podan rirse e oficiar doutra cousa, poñerse unha máscara. Eso me moveu a aceptar.

Así, o que me quedaba era disfrazarme. ¿De que?. Pois de prospector. Non de prospector en busca de petróleo, que por esta terra non parece ter moito futuro, se non precisamente de analista de futuro. Do futuro do antroido, claro. Eso é algo así como ser adiviño, pero con outro nome tentando coller categoría.

O seguinte foi o preguntarme, ¿por onde pode comezar?. Polo momento, e para min, o antroido estivo a punto de ser por primeira vez entroido: descubrín que a palabra que usaba, antroido, non viña nos diccionarios. Así, estiven por deixar de empregala para ocasións serias, coma esta. Entroido nunca a usei, carnaval decidín fai algún tempo deixalo para a meseta, lugares lonxanos ou festas con outro significado, e antroxu, Nalón arriba, cáeme moito máis lonxe. Por eso decidín deixar as cousas como estaban: antroido, para os amigos.

Son serio, xa o dixen antes. Así lle dicía tamén ó protagonista maior, o piloto, ó Pequeno Príncipe. Como o Principiño non calaba con esas lerias, e quería saber, continuar vendo mundo, ir ó seu antoxo, a súa vitalidade conduxo a unha obra literaria para todo tempo e idade. ¿Por que?. Porque a todos nos fai falla evadirnos. E iso é o antroido. Evasión. A grande evasión. Ademais, como na película os prisioneiros do campo de concentración son ó fin tristemente cazados, e así remata a súa ilusión de liberdade, os antroidos tamén acaban a tiro fixo. Vóltase á liberdade condicionada. Condicionada pola nosa historia, os nosos coñecidos, compromisos, ... en definitiva, por nós mesmos.

Centrémonos na prospectiva do futuro do antroido: aí van algunhas reflexións.

Un. Hoxe en día tómase como unha festa, e parece que non decae a pesar de que a vida é, cada vez máis, carnaval. Quen non o crea así, que lea os periódicos, vexa a tele ou fale cos amigos, aínda que sexa de fútbol. En todos os rincóns hai carnaval. Nembargantes, ese carnaval pretende ser serio, non é o noso estilo de antroido. Aínda así, é previsible que siga a extenderse contrastando coas ideas do antroido que por aquí se levan.

Dous. En Venecia teñen o seu carnaval de luxo, onde todos queren ser Dogos de seu (non cans, entendámonos, senón mandamaises). Por Río o carnaval é movemento e lucimento da vitalidade (e doutras cousas tamén vitais). Aquí o antroido é máis unha evasión adoitando outro rol e ocultándonos como pícaros para facer trastadas e figurar como reis, por unhas horas, do noso destino. Pero a idade, a era de inocencia, está a pasar rápidamente. É unha incógnita se o noso antroido

vai resistir esa falta de inocencia que se está a incrementar aló onde un vaia. Moitas cousas van ter que cambiar para poder superala. Aínda así, feitos como que hoxe estemos aquí fan manter a esperanza de que esta evasión pode seguir facendo os seus efectos benéficos e festeiros por moito tempo.

Tres. Non hai tanto o antroido estaba, empero, cáseque "morto por orde superior". Esa orde non puido con el e aquí estamos de novo. ¿Pode darse novamente no futuro o caso dunha prohibición directa ou indirecta?. Non estamos exentos dela, pero sería en balde, como o foi a pasada vez: a festa continuaría, aínda que pode que desvirtuado un pouco o seu espírito pola prohibición, ó estilo da "lei seca". Eso mesmo fará cuidarse ós mandamaises de tentar algo parello, aínda que aproveitando as máscaras se produzan algunhas mascaradas que infrinxan as normas do antroido, que tamén as hai.

Catro. Se miramos ós carnavales de Venecia, Río, Tenerife, ..., mesmo os entroidos de Laza, podemos ver que todos van cara á grandiosidade, cada un no seu modelo, cada un á súa velocidade. Ó mesmo tempo, seguen a ser unha actuación. Nembargantes, a grandiosidade esixe uns xeitos e un dirixismo que impide manter o sentido do noso antroido. Para vencer outros medios vistosos de diversión e/ou enaxenación, que eso é tamen ó antroido, e facelo ademais dun xeito inocuo, necesítase cada vez un espectáculo maior. É inevitable, tal como eu o vexo. O antroido terá que ir cambiando para combatir este efecto ou aliarse con el. A alianza significa máis cartos e unha certa profesionalización, ó estilo deses outros lugares.

Cinco. Téntase conservar o de cada un, neste caso o noso antroido, pero a profusión de medios que nos poñen en contacto con outros lugares van pouco a pouco influenciando esta festa. Non é problema, porque hai carnavales de todo tipo, polo tanto as influencias serán variadas. Esto, esperando que ós americanos do norte non se lles ocurra a idea de facer un novo carnaval, porque se non, Holliwood rematará non só co noso estilo de facelo, senon tamén por facernos creer que se fixo sempre ó seu xeito. Esperemos asemade que manteñan a data do seu Halloween ben alonxada da nosa celebración, so pena de perder un combate do mesmo xeito que os Reis o están a perdendo fronte ó Santa Claus... e eso que son tres contra un.

As conclusións anteriores, se ben son as máis xerais, non son as únicas.

Por exemplo, visto que non podemos igualar os disfraces sen

roupa que fan as ledicias dos e das turistas en Río, e tamén dos propios cariocas, é previsible que nós busquemos e atopemos novos medios de calefacción para que as máscaras con pouca roupa non sufran os rigores invernais.

Nacerán novas máscaras. É un fenómeno que xa se ven estilando dende tempo hai, e que está lonxe de esgotarse: na variación está o gusto, como di unha frase que máis dun e unha coñecerán e practicarán có gusto anunciado.

A electrónica escalará postos nas preferencias dos antroidos. O mesmo que se vai metendo en casas ou bancos, non podería facer unha excepción con este fenómeno social. Xa vimos algúns artiluxios desa especie outros anos, como luces ben amañadas e sincronizadas, pero é posible que non sexa nada comparado ó que se aviciña.

Son previsibles outras incorporacións no desenvolvemento destes días. O antroido permite o anonimato social, e ven potenciado por el. Hoxe en día estánse a extender novas formas de comunicación que outorgan a posibilidade do anonimato. Tendo conta destas dúas premisas, pódese concluir que é probable que se incorporen novas formas de antroido, por exemplo, "a distancia", do mesmo xeito que o 28 de decembro é algo extendido usar o teléfono para gastar bromas, mentras que no século pasado, antes de facer das súas o señor Bell, evidentemente non se podía.

Podemos observar tamén que as carrozas motorizáronse. É previsible, co uso dun parque móbil máis extenso e variado, que esta tendencia continúe, incorporándose á mesma aínda os disfraces individuais.

Un dos festexos precursores do carnaval era unha especie de circo naval fai vinte séculos, como din algúns estudiosos do tema. Do carnaval, si. Do noso antroido, dubídoo. Mais, cara ó futuro, todo é que ó clube náutico lle de por aí, e entón o noso antroido podería ser precursor desa proxección naval futura. É posible, e coa motorización e en xeral a instrumentación actuais, máis doado que noutros tempos. Habería que preguntarlle á directiva do clube se está pola labor.

O antroido é educativo. Seguirase a usar nos centros chamados educativos para facer algunha que outra trastada, ó tempo ou a parte da propia educación. É posible ademais, dentro da política ministerial, a súa inclusión como liña transversal no currículum escolar.

Falemos de cartos. Estamos a vivir tempos de privatización. Se se pensa en privatizar a xestión de hospitais públicos, por exemplo, ¿por

que non o antroido?. Nese caso, ¿que se preparen as comisións a non recibir subvencións?. O antroido, teña ou non subvencións, sempre foi público e sempre foi privado. Sempre necesitou dun espírito social para levalo a cabo, pero sempre foron os particulares as máscaras. Pola privatización, poderá cambiar algo o modo de financiamento, pero nada máis.

En canto ós premios... é bonito e atraínte para o turismo que os disfraces sexan traballados, pero por ese lado é difícil competir con outros carnavales. Nembargantes, a competencia é a competencia, e as leis do mercado inflúen en moitos campos. Pode que o factor máis influínte no futuro desenvolvemento dos premios sexa externo ó propio antroido: máis que a privatización, a marcha da economía en xeral.

En relación a outro aspecto, fai pouco leín que "os carnavales caen baixos este ano". Espero que non caian baixo máis que polo número que ten asignado o día no que comezan, pois non é esa a tendencia aquí en Ribadeo. Hai que lembrar, sobre esto das datas, que xa se produxeron algunha vez noutra temporada: os chamados "carnavales de verán", e a eses si que lles chamo carnavales. ¿Lémbrádesvos do que xa dixen sobre a economía do antroido e as influencias externas sobre o noso?. É posible que esas festas carnavalescas se incrementen, pero non penso que se lles deba chamar antroido. Serán carnaval. ¿A influencia sobre o propio antroido?. Polo momento, está a salvo, porque son influenciadas por el e non ó revés. Perante canto tempo, eso xa é máis difícil o dicilo e dependerá de moitos factores.

Pola sequedade da boca ven outra vez ós meus labios o dito de Gracián: "o bo, se é breve...". Por aí, pola sequedade, penso que é cousa de ir rematando. Queda para outra o tratar de imaxinar o futuro do antroido en relación a outras moitas facetas. Como exemplo delas serven a música ou o sexo.

En fin, isto é a prospectiva: analizar tendencias para vislumbrar o futuro. Eu, de calquera xeito, non me fiaría moito dunha prospectiva do futuro do antroido feita por un disfrazado.

Aínda así, costoume facela. E teño que dicilo, porque é tamén unha metáfora do antroido. Nestas datas, hai moito detrás: ilusión, traballo, imaxinación, persoas... é algo matinado para vivir uns días máxicos antes que chegue o momento de quitarse a máscara.

Ben, penso que os obxectivos das cousas débense definir ó principio. Aínda así, acordei definilo ó final, tras ve-las caras dos que me escoitan hoxe: O obxectivo era sacar á luz o espírito do antroido. Espero

haber axudado a facelo, e con eso remato esta pequena perorata. Meu disfraz xa non vale, este pequeno antroido xa se foi. Agora comeza o antroido de todos. O futuro que mencionei xa chega. Vivámolo.

Pregón 1998

Pregoeiro: José Luis Trashorras Méndez

Miñas donas, boas tardes,
boas tardes, cabaleiros,
saúdos as autoridades,
a benvida os forasteiros.

TEMPUS FUGIT. ¡Como pasa o tempo! Paréceme que foi onte cando na escalinata da Casa do Concello, previa a entrega de premios dos Carnavales do '87, facía a presentación o que vos fala dun xeito totalmente espontáneo, acompañado, eso sí, pola música da polca "O barril de cervexa" que interpretaba o grupo asturiano "El Felechu". Recordo igualmente con louvanza cando a charanga ribadense "Os pintas" me fíxo entrega dunha culleriña co escudo de Ríbadeo para a lembranza daquel antroido. En fin, pasaron os anos, e cando xa parecía que éste tocaba de abstinencia carnavalesca, voltan á carga este entusiasta, insustituible e xa clásico grupo de ribadenses que non se lles ocorre mellor cousa que acordarse de min para pregoeiro. Pois ben, empecei no ano 1985, sendo concellal de Cultura, facendo unha sinxela presentación daqueles restaurados Carnavales, agora, con un mes escaso por diante, acepto de bo grado pregoar unhas xa ben consolidadas festas antroideiras, quizáis no segundo milenio d. de X.C. chegue a disfrazarme.

A palabra antroido ten fundamentalmente dúas significacións, en primeiro lugar festa clásica, moí movida e de moito colorido (son os días de "correr o antroido"), na que aparecen socarronamente invertidos os valores tradicionais da sociedade, facéndose críticas, case sempre en forma de refráns ou ripios ós que eran moi dados os nosos devanceiros, que en moitas ocasións non esperaban a estas datas para facer gala do seu inxenio, tal como é o caso de Daniel Carnota naqueles versos satírico-burlescos cando di:

"O día que aquí botaron
aquelo de FUMANCHU
formouse diante o Teatro
a batalla de Verdún.
Houbo golpes e patadas

car reirás e trompicós
eso pasa neste pueblo
porque somos muy pasmós.
El papel de la taquilla
agotouse a todo ful
chegaba a cola señores
hasta o taller de Fanjul.
A min por casualidad
me tocou, que iba delante
unha señora que estaba
en estado interesante.
Cada vez que la empuxaban
ela me daba no cu
¡En los días de mi vida
vuelvo más a FUMANCHU!

Por certo, expresión esta última que faría fortuna dialéctica entre os ribadenses para significar cando non interesa unha situación complicada ou comprometida.

Non faltaron tampouco outros improvisados poetas ribadenses, que interpretaron as festas que nos ocupan dun xeito máis trascendental. Tal é o caso dun anónimo colaborador que, no semanario "La Comarca" alá polos Carnavales do ano 1920, publicaba unhas estrofas que remataban con estes versos:

"Mientras que pueda creer
visión que la mente evoca
te amaré con ansia loca
te seguiré con empeño
que amor es gloria en el sueño
y es humo cuando se toca".

poema adicado "A una máscara" que nos recorda os monólogos do príncipe Sexismundo na obra "La vida es sueño", quintaesencia das ideas filosófico-relixíosas do teatro calderoniano, cando trataba de explicar as cuestións centradas pola idea do "desengaño" que tanto inquietaban ó home barroco, e polo que de aquí se deduce tamén a algún dos nosos coterráneos dos movidos anos vinte.

En segundo lugar a palabra antroido equivale a persona gorda, descuidada no seu porte e amiga de opíparas comidas. Neste senso emprégase o verbo antroidar, como se comproba nos ditos: "¡Enchete, antroido!, "Estás como un antroido". O mesmo tempo tamén se refire á

persoa gorda que se vaí movendo diante dun de forma desaxeitada: "Estate quieto, antroido", "Móveste máis que un antroido".

Nembargantes, a comida é un dos pratos fortes destas festas, é a época por excelencia para comer carne de porco: cacheira, rabo, bandullo, longaínza e outras moitas máis, pois como diría Antonio "O Serranillo" en frase sentenciosa e perifrástica: "Desde la cabeza hasta el rabo, todo ha de comerse en el paquidermo marrano". Estas datas gastronómicas rematan normalmente o martes de carnaval, gardándose abstinencia hasta o domingo de Pascua, como afirma esta copla popular:

"Adiós martes de entroido,
adiós, meu amiguiño,
hasta Domingo de Pascua
non comerei máis touciño"

Entre as partes do porco fundamentais para a mesa destes días está como decíamos a cacheira que debe levar as dúas orellas ou cando menos unha delas, entón chámase faceíra. Outra das pezas tradicionais e ritualista é o rabo; lembro cando de neno escoitaba na miña casa o dito popular: "Alegría, alegróte, que anda o rabo do cocho no pote", e donde logo que me preocupaba moito, cando na feira do ano mercaban o porco para a ceba, que iste non fose rabelo. Acompañan na pota a estas viandas a chanfaina que leva mesturado coa carne do cocho outros ingredientes coma algunas visceras e cebola, que a fan voluminosa e moi axeitada para darlle substancia ó caldo. Segundo os lugares e as circunstancias para poder dispoñer dos materiais necesarios, non deben faltar na comida as filloas que se fan de sangue, auga e fariña, ou os freixós que levan leite, auga, ovos e tamén fariña. A repostería máis tradicional dos nosos lares engádelle á mesa as orellas, as chulas e as flores.

É verdade que son fundamentais os alimentos na vida do home e Cervantes recordáballe a Sancho por boca de don Quixote que a saúde do corpo fraguábase na oficina do estómago, además paréceme importante manter viva unha herencia cultural e gastronómica de primeira magnitude, para seguir repitindo neste senso o que os nosos avós aprenderon dos seus avós. Mais permitídeme que como bon galego, que xa leva moitos anos afincado en Ribadeo, e todo se pega, me despida en tono lírico, en verso pero semilibre, sen demasiadas ataduras métricas nin de rima, case espontáneamente, tal como se me foi ocurrindo nestes poucos días de preparación pregoeira. Martes, trece de Xaneiro,

noite do famoso ventazo,
cando na ponte das Pías

se estrelou o coñecido barcazo;
a sombra de Raimundo Ibánez
vagando está polo seu pazo.
"Voto a Deus -dixo o Marqués-
(con rostro moi enoxado),
falto dous séculos da casa
e todo está moi trastocado.
Falarei con don Francisco, de Goya,
e tamén con Carlos Cuarto,
para que nalgunha das estancias
me coloquen algún cadro,
además doutras prebendas
eu tamén fun deputado".

E unhas voces se oíron con acento denotado: "Según a Gran Enciclopedia Gallega nesta casa el foi nado".

Neste monólogo se atopaba,
o Marqués de Sargadelos,
asomándose a un balcón
da rúa de Villandrando
cando caeu un gran cascote
ca sombra pasou rozando;
menos mal que por enríba,
fora de trasgos e dianos,
vixïaban as cariátides
dende tempos moi lonxanos.
Escoitade as súas verbas
pois falaban moi de calado.
"Xa veremos -decía unha-
si por fin pro centenario
nos teñen o corpo arranxado".
"Non te queixes -comenta outra-
co pobre do Viejo Pancho
solo lle puxeron cabeza
e leváronlle os libros dos baixos".
"¡Ollade!, -gritou a terceira-
xa non hai casa de baños,
no seu lugar se divisa
un edificio abandoado".
E as tres ó unísono exclamaron:

"¡Eso sí que é impactazo!"
Eu con esta me despido
porque ás gaitas lles dou paso.
Disfrutade pois do antroido
co tedes moi ben gañado,
que logo chegará a cuaresma
e dirannos que estamos de paso.

Pregón 99 (12/02/99)

Pregoeiro: José Pérez García (Malén)
(escrito en orixe en castelán)

¡Señoras y señores!... ¡Mayores y chicos ... ¡Personas generosas que tenéis la paciencia de escucharme!...

¡Buenas tardes a todos con la súplica de que si tengo algún lapsus o cometo alguna omisión involuntaria, me la perdonéis. En un pregón se pueden hablar de muchas cosas, pero es lógico que de todas ellas predominen las referente al festejo a celebrar.

Por tanto, héme aquí con todos ustedes acaparado por la benevolencia de la magnífica y trabajadora Comisión de los Carnavales 1.999 presidida con la mejor buena voluntad y entusiasmo por el buenazo de Casiano Posada Obarrio, auxiliado con el mayor ahinco y risueña eficacia por los grandes promotores ribadenses Luis Mourelle Bargados, como tesorero; Alfonso Rodil Veiga como Secretario, Roge-lio López García como relaciones públicas, y los siempre abnegados y simpáticos vocales Fernanda Bellón Pedrosa, Nuchi Ruiz Misioné, Celsa Paz Vázquez, Salvador Guzmán Goas, Juan Valle Rafols y Pablo Cora Villabrille, diez grandes personas que (dada su constante y eficaz labor) merecen los mayores aplausos de todos los ribadenses y público en general. Por mi parte, sinceramente les agradezco se hayan acordado de mi para que pronuncie este pregón que (aunque su protagonista no goce de muchos dones de narración y voz para lanzarlo al aire) con vuestra comprensión y ayuda estoy seguro que ha de salir bien.

Un pregón de carnavales, la única verdad del mentiroso y embaucador mundo que ayer, hoy y mañana se ha vivido o se vivirá. Porque ¡Hay que ver cuanta mentira y canallada hallamos por atalayas, rúas y senderos y cómo vemos con gran tristeza, y con mayor pena como no hay quien restañe las agresivas concupiscencias de la vida que quebrantan de forma sangrante y escandalosa la paz de las buenas y nobles almas!... Fijémonos en lo que ocurre en Sierra Leona, en Ruanda, en Indonesia, en Kosovo y en tantas y !tantas naciones! gobernadas por unos cuantos bandoleros y ladrones analfabetos cuya principal "pedagogía" es el quitar la vida a infelices personas a las que se les niega un pedazo de pan o una gota de agua potable y cuyos auxilios de las nacio-

nes civilizadas y generosas son escamoteados por el camino -sin que lleguen a su destino- por los sinvergüenzas y bandidos que con tantas corruptelas van llenando de tesoros sus arcas, que debieran convertírseles en explosivos de su propio patrimonio...

Decir... !Habría tanto que decir!. Por ejemplo, criticar a los jueces que con su cara dura dicen que las labores del hogar (las de las amas de casa, por ejemplo) no son trabajos meritorios. A los que dicen que tras asesinar a una mujer con ochenta puñaladas las treinta y cuatro últimas no han sido ejecutadas con alevosía o mala uva. El dejar a los perros sin bozal y que maten a un chiquillo. Criticar el "cachondeo" de la política (ya luego no creemos en nada) y tantas y tantas anomalías que para no cansaros me voy a reservar para meterme de lleno en los re-cuerdos carnavalescos.

De muy niño, cuando con mis otros tres hermanos iba desde Viavélez a La Caridad (en El franco) al catecismo, encontrábamos por el camino alguna máscara que al amenazarnos con su potente cayado, nos metía tal miedo que nos escapábamos de ella pitando. Luego, veíamos como cuando los mozos, revestidos, entraban en alguna casa, aquellas recordadas y buenas mozas de Viavélez les guiñaban el ojo, dejándose acariciar en algu-na ocasión por los visitantes. La primera comparsa que recuerdo, la formaban unos cuantos marineros de aquel hermoso Puertín que cantaban:

Somos los marinos,
del buque "Piedad",
que alegres cantamos
hoy el carnaval.
Si una tempestad...
pudiera estallar,
los bravos marinos,
no la temerán.

Luego, ya a los catorce años y viviendo en Tapia de Casariego, pude escuchar varias comparsas. Una de ellas cantaba la siguiente copla:

!Van unas chavalas,
al salón "Edén",
son más arrugadas,
que Matusalén!.-
Mejor les seria,
comprarse un lulú

y con el faldero,
irse al Gurugú.

Entonces el salón "Edén" de Tapia estaba de moda. El monte Gurugú es un macizo montañoso de Marruecos en el que españoles y moros lucharon por su posesión con la muerte de muchos infelices de una y otra parte a los que nada se les perdía allí.

Alli, en Tapia, al otro día del final de las fiestas carnavalescas, se celebraba el entierro de la sardina, auténtico y pequeño pez, que metían en pequeño féretro de unas tablas y de papel con una vela encendida dentro, y que llevaban entre cuatro "compañeros" seguidos de otros responseros de la misma "tribu" vestidos con túni-cas árabes y al que cantaban:

El carnaval se ha nuerto,
lo llevan a enterrar,
llorad sobre su tumba,
¡Llorad el carnaval!

Luego lo enterraban en lugar idóneo poniéndole sarcásticamente una cruz en su tumba.

Después de estos carnavales del año 1936, tales festejos se prohibieron en todo el ámbito nacional y ya no se prodigaron las máscaras hasta los años sesenta, cuando ya se vislumbraba cierto ca-riz democrático.

Aquí, en Ribadeo, en esta hermosa y gran Villa de la suerte (favorecida en todos los tiempos salvo en los últimos años que nos están "robando" el Juzgado de Primera Instancia, la Comandancia de Marina y otros servicios que Ribadeo ¡Nunca! debió perder) siempre se han prodigado visitas de todas las partes de Asturias y de Galicia, resaltando sin duda alguna un gran Concejo cosmopolita cuya riqueza siempre se acrecentó con la celebración de sus estupendos y nutridos mercados de los miércoles. Como dice nuestra gran amiga la licenciada Mari Carmen la de Quilo, a Ribadeo se viene aunque solo sea por "un peleyo de castaña".

Ribadeo, en cuanto a festejos eclesiásticos y profanos fue en todos los tiempos el "Non Plus Ultra", y sobre todo en los del Antroido con la recalada de las abigarradas comparsas y agrupaciones e individuales en sus diversas facetas, venidas de toda Asturias y de A Mariña Lucense, las fantásticas carrozas tras cuyos visillos se puede adi-vinar la presencia de un simpático Pepe Xuya o a los ocurrentes Súcaros de Tapia con su máquina del tren y el maquinista revestido de frac y chistera. Toda una

gran ilusión y alegría. Y también veremos a los ganaderos transeúntes con su llamativo carro del pais cuyo principal tripulante es un cerdo de más de diez arrobas, unas veces guiado por José Manuel de Federiquín y otras por simpáticos arrieros que aprietan con fuerza el ronzal del burro (uno de los pocos ejemplares que ye van quedando) para que el vehículo transportador no se salga del "riel".

Pero, hablando de los participantes con las diversas pedagogías, de ninguna manera podemos silenciar la constante participación de las comparsas ribadenses "Aturuxo", "Foliada", "Os Rapaces" de Rinlo, "As Grobas" de Vilaselán, a "Choca", "Os Segadores" y a otras que quizá se me escapen, de entre cuyos participantes siempre advertimos la presencia de Araceli Vacas, Choli, Mari la Motorín, Mari Carmen Bollón, María Asunción nuestra querida panadera y tantas simpáticas y entusiastas personas como el amigo Castelao, formales y serios siempre, pero a los que no les duelen prendas para animar los carnavales y animarnos a todos con sus hermosos cantares que con alegría lanzan al aire, tales "Baila se queres, salta se podes", "A marcha que hay en Rinlo, ¡imos a contagiar", o la que dice "Aquí venimos la charanga 'Aturuxo', aquí venimos con toda pasión, para alegrar las fiestas de este pueblo, que son para la gente la mayor ilusión", o "Xa temos escollera, piscina municipal y muy pronto tendremos, polígono industrial". Y siempre me llama la atención Cienfuegos con sus galochos y barba de Hemingway y seriedad incomparable, así como Pepe Rodil, Juanjo Mourelle y Antonio Méndez.

De ninguna forma puedo yo olvidar al que fue siempre simpático José Antonio Fernández Reinante, por todos conocido como El Serranillo, quien todos los años me encargaba la confección de unos versos con los que él iba a felicitar al ínclito y nunca bien ponderado Victor Alvarez Lence (Todos los años en carnaval entusiasta Jefe de esta pagana fiesta como lo son Casiano Posada, Luis Mourelle y Alfonso Rodil con su sombrero de copa y el frac dando solemnidad al "Guinnes" del mascarón sometido al suplicio del fuego al final de la fiesta) para agradecerle el título de "!CHICO LINDO!" alguno de los cuales copiados a renglón se-guido, decían: "¡Victor...! ¡Hombre de gran talla, elegante y coquetón!. !Que a Ribadeo dio una falla y un antroido guapetón!. ¡Chico Lindo! ¡Que alegría!. Otra vez, Víctor, ¡Mil gracias!. Que el humor y algarabía, traiga PAZ y aleje mafias. Muy bien todo lo habéis he-cho. Solo aplausos mereceis, y un gran podio que hasta el techo, grite al mundo le que hacéis. O Antroido a guisa de falla, que en el Parque habéis plantado, con sus foguetes que estalla, ¡A todos nos ha encantado!. Para que ¡Nunca! te arrugues, aquí me tienes, hermano ¡Víctor, jamás te averrugues!. ¡Te admiro y tiendo mi mano!... "

¡Pobre Serranillo!. El que era uno de los personajes de mayor enjundia y más solicitado de las riadas de forasteros y ribadenses, con sus disfraces coronados por la pamela más brillante, hermosa y elegante que se exhibían en nuestras calles, el que siempre fué la persona de mayor sustancia y jolgorio de nuestros carnavales, se nos fue al Cielo precisamente el día veintiocho de febrero de mil novecientos noventa y cinco, sin tan siquiera darnos cuenta de los males que padecía. Lo decía nuestro querido párroco don José Bello Lagüela: "Ya viste cuanto te queríamos todos y cuanta gente asistió a tus exequias. Porque, efectivamente, eras popular en la villa; pero también simpático y ocurrente con tus salidas que siempre nos hacías reír y mucho más filosóficas que algunos pensaban".

Yo, en su crónica mortuoria le hice los siguientes versos, leidos también a renglón seguido: "!Serranillo, Serranillo!. Simpático y ocurrente, que en tu carita de pillo, hacías reír a la gente. Tus pamelas colosales, siempre de Isabel Segunda, las colgaste en los rosales trocadas por otra enjundia. Y escondido en el desván, el gran Carnaval del Mundo, vas al Cielo, que es diván, en tu sueño más profundo. La calle estará más triste, por donde siempre tú andabas, con cigarro ale-gre en ristre, que en nobles ansias fumabas. Y te echaremos de menos, en amenidades bellas, y hasta puede que lloremos, al saberte en las estrellas, Sé feliz con los recuerdos de esta villa que te amaba, en ese Edén de tus vuelos, que con Amor te llamaba. En ese Cielo que amamos, en fiestas siempre añoradas, oirás que te llamamos en noches y en alboradas."

Así recordé ya el bueno de José Antonio, que se fue en busca de la Paz del Señor. Era francamente chocante. En cierta ocasión, cuando yo estaba en Unión de Centro Democrático (Antes tan denostado y ahora que es de todos los políticos) cuando lo llevaba conmigo a un mitin, él me decía:

"José Manuel" (me llamaba asi arrimando el nombre de mi padre al mio) "Eu son socialista, pero vou votar por Calvo-Sotelo".

Nada más tengo que deciros en este mi modesto y mal hilvanado Pregón de los Carnavales 1.999. Pero dejadme terminar con unos modestos versos que en agradecimiento dedico a la resalada Comisión de Carnavales y que, también a renglón seguido, dicen:

"¡Ved como brillan los trajes, de los grandes promotores, del carnaval sin ultrajes, de siempre eficaz motores. Son Casiano y serio Luis,

Alfonso Rodil, Rogelio, Salvador con Nuchi Ruiz, Juan, Fernando sol o helio. Cierran Pablo y Celsa Paz, que hacen ¡Diez! de los puntales, brindando jolgorio y PAZ, divertimento a raudales. A bailar todos, ¡Cantad!, y esta noble Comisión, brindará felicidad y dicha con emoción. ¡Hasta otro año, compañeros!. ¡Paz y Amor a los hogares por tierra, aire y por los mares y todos los mentideros."

Y ya que tengo la insólita ocasión de pronunciar un pregón, permitidme que lo cierre con un cariñoso recuerdo a Hussein de Jordania y a Luis Sánchez Polack ("Tip"): el primero preocupado per mantener la PAZ en el Oriente Medio y el segundo llevando la alegría y el buen humor por todos los países de la Tierra. Descansen en Paz.

Ahora escuchad y aplaudid a la estupenda coral "Airiños de Ribadeo" y a su entusiasta Director Gonzalo Montero.

Dous membros da comisión co traxe de faena

Pregón 2001

Pregoeiro: Gilberto Suárez Méndez

Buenas tardes, ou mellor dito noites xa, señoras e señores, gracias pola vosa presencia neste sencillo Pregón do Carnaval do noso pueblo.

Agradezco á Comisión, que un pouco contra reloj está organizando os festejos populares do Antroido de este primer ano do siglo e do milenio, o agradable compro-miso que me brindaron, e que eu aceptei de forma voluntaria.

Vou a utilizar, ou melior dito xa lo estou facendo, o gallego de Ribadeo, o que aquí falamos desde sempre, eu concretamente desde o ano 36, no que nacín en Cabanela, criándome na de Ibáñez, céntrica e cordial por lo menos de aqueia, como si de unha gran familia se tratase...

Por eso non me resulta dema-siado difícil recordar o Carnaval, chamémoslle antiguo de Ribadeo, aquel Carnaval prohibido, gracioso e espontáneo, xa que esa gracia e a chispa, o ingenio, en resumen surgía sempre ou casi sempre, calle abalxo e os protagonistas vivían na súa maior parte nas de San Miguel, Fonte Nova, Antonio Otero, Fernando III o Santo, Amando Pérez, Trinidad, Obispo Veres, Ibáñez, Buenos Aires, Fonte Cavada, Rúa Nova, e tamén en Cabanela e Porcillán; pois todos viñan hacia o Cantón disfrutando eles e para que gozasen os demás, sobre todo os nenos...

Eu, o Carnaval de Ribadeo, o que conocín e no que participei algunhas veces, catalogaríalo en tres épocas ben diferenciadas entre sí, e que serían: a época antigua, a intermedia e a actual.

Pola década dos 40 e anteriores, situaría o Carnaval Antiguo de Ribadeo, aquelas celebraciois orixinais e callejeras que Pancho Maseda tolerou e o hermano Isidro perseguíu a capa e espada máis tarde, non podía ver as máscaras...

Hoxe, sin ningún reparo, como ten que ser, celebran o Carnaval nos colegios religiosos de todo o Estado, os nenos pásanlo en grande, e penso que tamén os profesores.

Nas fechas as que me estou referindo, houbo ribadenses como Cándido do Rato (Carrancas), O Tili, Varela o Barbeiro, Manolín das

Rebertas, o Texas, Toñito o Gasparito, o Chícaro, Rosario Parga da paragüera, Alberto do Chono, César de Valle, Toñito o Serranillo, Xoquina, xente en definitiva con gracia e salero, que facían as delicias do público en general e dos picaros en particular, os chiquillos sí que gozábamos...

Un Martes de Carnaval, Toñito o Gasparito, Carrancas e César de Valle, entre outros, invitaron a Xoquina no Bar Asturias, todavía estaba don Cristóbal ó frente do negocio. Logo, con un plexiglás da cuñada de Toñito, tamén se disfrazou ela, e por os bares íballes recollendo as voltas, voltas de pouco importe desde logo, xa que o vaso de viño valía daqueia sobre 50 céntimos.

O caso é que Xoquina, xuntou tres pesetas en todo o tempo, e de ahí ven aquel dito tan chocante que ela tina: "Tres pesetas pouca cousa, tres pesetas seis pesetas, tres pesetas pouca cousa...". Ben sabemos que Xoquina tina unha gracia especial, sobre todo á hora de falar do seu reloj, que era inglés e falaba o galego.

E eu, desgraciada de mín, vendinllo ó do Rancho Grande por cinco pesos, e terminaba decindo: Cunga, cunga, catacunga, final da parodia cómico picaresca, da non menos pícara (no bon sentido da palabra) Xoquina.

En Ribadeo, que foi e sigue sendo un pueblo con ingenio enorme, temos mote todos, e eu empleólo con respeto e cariño cuando por ese apodo menciono ós demáis, a xente amiga, que muitos de eles xa se foron...

Por encima de todo está a sincera amistad, o aprecio mutuo e o saber estar de aquela maravillosa xente, que hoxe temos que botar de menos á hora de falar do Carnaval e a moitas más horas.

Da Época Intermedia, que eu situaría na década dos 60, facéndoa extensiva, ó meu entender, hasta camín dos 80, a dictadura suavizárase un pouco, e os que nos disfrazábamos, que fumos un montón, podíamos poñer careta si nos apetecía, sin ningún problema.

Recordó muitas cousas de esta época de juventud, os preciosos disfraces, por ejemplo, que todos os anos paseaban por o pueblo, e na sala de festas Rosa-Lar, polas noites: as de Pío, as de Fariñas, Antoñita de Veremundo, Pili Real, Maraña do Electricista, Purita de Lugo (que en paz descanse), pri-ma das de Pío precisamente, e que tiñan en Lugo o comercio No-vedades Luz; vestidas todas iguales, con disfraces originales sempre, o mismo iban de negritas, que de bruxas, que de pinos resinables cuando o camelo de Renosa estaba en candelero.

Pois nosoutros, ó ano siguiente, disfrazábamosnos con a roupa

que elas nos prestaban e que usa-ran pa esos menesteres o ano an-terior, e aquí teño que mencionar e quero facerlo, a Pepín Merdiña e a O Bolita (os dous por desgracia fallecidos), os cuales, con Ginzo, Teixeira, Víctor Sotelo e outros, despois de tomar unhos torpedos en Casa Miguel Guisan, na Mina ou mismo na Flor, gozábamos de aqueles carnavales cordiales, humildes e desde logo con futuro, que foron preludio de estos actuales encuadrados na Época a que lle dou ese nombre precisamente.

De esta Época Actual e presente que vivimos xa e seguimos vivindo de momento, vénseme á memoria o avance no ano 81, do que iba a ser o Carnaval organiza-do de Ribadeo, cuando con un carro e muita xente, vestidos de xitanos, pensamos que po ano siguiente, po 82, tínamos que facer algo entre todos, pa poner o Carnaval noso á altura que o pueblo se merecía (Víctor Álvarez Lenza, Víctor da Morteira, era sin lugar a dudas o patriarca do clan).

Efectivamente, xuntámonos hasta vintecinco personas pa que aquelo puidera suceder, ser posi-ble, e preparouse un Antroido que nos deixou contentos, e varios continuamos na Comisión po ano 83 siguiente.

Empezouse más tarde a pedir por o Comercio e por as casas, e a verdad e que a respuesta do pueblo foi magnífica, gustaba o Carnaval, e a xente quería que lo houbese sempre...

Si me preguntasen cuál foi o ano mellor, cuándo houbo máis ambiente en Ribadeo, cuándo a xente invadíu a villa de forma increíble, eu diría que a noite do sábado día 20 de febreiro de 1988, non se cabía en Ribadeo.

Queimábase o Antroido de 13,32 metros de altura, con o cual o pueblo de Ribadeo conseguía pro primeira vez na súa historia, o Récord Guinness, un récord que non sólo ganaron Fernando e Choli (autores materiales do gigantesco muñeco, o que o meu filio, que tina tres anos e medio de aquela, chamaba o Cacho Bicho, nin tampouco en exclusiva da Comisión organizadora do, Carnaval 88, xa que muitos amigos axudaron de forma decisiva pa que o Récord Guinness poidera lograrse.

Entre toda esta xente colaboradora de aquela e pensó tamén que de ahora mismo, hai personas como Pertejo, que non cobraran un peso por ter todo o día a grúa a disposición da Comisión, dos que situaron o enorme Antroido no seu lugar, donde iba a ser queimado.

Ángel Pedrosa e Tino de Astilleros da Vilavella, regalaron toda a leña que fixo falta pa cuantas operaciois gastronómicas se fixeron,

Sergio o contratista prestou o camión po que se necesitase, as pescaderías da Plaza de Abastos pouco ganaron con nosoutros ou nada en verdad, á hora de vender sardiñas, mexillois, ou o que fora, xa que nos facían un precio excepcional de verdad.

Os almacenes e cooperativas de bebidas, regalaron os seus productos en muitas ocasiois e muita xente amiga, muita estuvo disposta en todo momento, de forma voluntaria e espontánea a botar unha mao no que se precisara.

Esta foi a forma, a única forma posible, de poder conseguir po noso pueblo un récord Guinness, tras da oportuna acta notarial que a estos efectos levantou sin cargo algún para a Comisión, o titular de aquela en Ribadeo, don Carlos León Matorras.

Logo inscribiuse no Libro dos récords de Editorial Maeva, pa xa seguidamente e a través de Ediciones Jordán, inscribilo no libro Guinness dos Récords, de cuia veracidad además dos diplomas acreditativos, está o propio libro que lo certifica.

Houbo alguén a quen lle sentou mal, o que Ribadeo fose capaz de ter unión e alcanzar éxitos colectivos, como este que comentamos, e con manifiesta mala leche puxo en duda a verdad do suceso, que logo tuvo que tragar porque lie demostramos con datos legales e abrumadores, que nin nosoutros nin o noso pueblo, éramos unhos embaucadores...

O caso foi que (repito de novo) o pueblo de Ribadeo, a villa excepcional que nos veu nacer, conseguía no 88 un valioso e desea-do Récord Guinness, non sólo por a gracia de Dios, sinón tamén por que os seus fillos, xuntáronse pa alcanzarlo.

Contamos tamén de aquela, e en máis ocasiois por cierto, con a axuda importante da Diputación Provincial, e a través do seu presi-dente e vicepresidente primeiro, subvencionáronnos un precioso li-bro programa a todo color, sin propaganda comercial, fixéronnos de forma gratuita cantidad de murales e aportaciois de tipo económico, por o cual non teño ningún reparo, de ningún tipo, en decirlo públicamente, pese a cualquer outra circunstancia non coincidente.

Eu, como simple e humilde pregonero, e tal como era a miña obligación, xa vos din as gracias a todos por estar in situ nesta fantástica sala de testas Rosa-Lar, que sempre o seu dueño prestou de forma totalmente gratuita pa celebraciois de todo tipo, pero como miembro da Comisión de Camavales que fun durante por lo me nos unha década, quero agradecer ahora que podo, desde este mesa, as axudas espontá-

neas que nos brindaron antes e siguen facendo ahora, por ejemplo, á hora de picar castañas no Magosto.. Perpetua da Gallega e a súa filie María del Mar, Ramona da Corbella, Maruja da Morteira, María de Carmen da Garabata, Minerva e Araceli Vacas, Mirta e Ana, Rosita Montero, Tita de Pío, Marisol (que en paz descanse), Raquel, Cristina, Mary de Motorín, Cándida de Antonio o taxista, Fernando Bellón, e algunhas outras que sinto de verdad non recordar.

Como anécdota curiosa, recordo o que xa alguén manifestou, i é o siguiente:

Un ano no que eu estuven ns comisión de carnavales, o alcalde de turno en aquelos momentos (sin culpa algunha por cierto) aconseilóunos que non sacásemos á calle o famoso Cocho de Carnaval, por ter unha orden de gobernador en tal sentido.

Nosoutros fixemos o que tínamos que facer, que era pasearlo por as calles do pueblo e vender rifas de paso.

O alcalde foi o primeiro en felicitarnos, e Carlos O Xestal, foi cuando dixo en todos os medios informativos: "Nunca vin na miña vida un cocho mellor tratado que o dos Carnavales de Ribadeo..."

Si a mín me preguntasen que é o Carnaval, eu contestaría, pensando sempre no de Ribadeo, que é o que conozco, e añadiría:

O Carnaval noso, é Víctor Alvarez Lenza (Víctor da Morteira) que ejerceu de compañeiro e de amigo, muito más que de presidente, sempre se considerou un más dentro da Comisión, é Casiano Posada (Pozas), por desgracia fallecido, que lo vivía como poucos, é Pepín de Pérez (Pepín do Carnaval, como lie chamaba Gamallo Fierros), é Enrique Lenza, que colgaba as bandeiras casi sin escaleira, é o Felechu, que son como de Ribadeo, son Julio e Saribel, artistas e creadores de dis-fraces increíbles, son as charangas de Ribadeo, un lujo desde logo, é Secundino de Peixes Dina, que é o auténtico pregonero da testa, son ou foron desde logo: Fariña, Pastrana, Vidal e Cima, que ás sete da maná axudábannos á poñer as bandeiras, cuando caían as maos de frío; son por encima de todo os que las organizan, e son Carnaval en definitiva todos os que fixeron e tan cousas pa que a festa prosiga...

Propondría unha sugerencia que non teñen porqué aceptar os responsables, e que consiste no siguiente: queimar de novo o Antroido, si non é dun tamaño grandísimo, xunto as escaleiras de éntrente ó Ayuntamiento, o cual lle evitaría á xente baixar ó Muelle e o ambiente non se rompería como está sucedendo ó queimarse na escollera.

Entre as distintas formas de vivir o Carnaval e as épocas diferen-

ciadas, entre o Carnaval espontáneo e gracioso de antes, e o organizado de ahora, quedaríame con este último, con este de ahora, por ser o que ofrece cousas antes impensadas, desfiles e actos que teñen que estar previstos, pero quédame un entrañable recuerdo do Carnaval da nosa infancia e juventud.

Que este Carnaval de hoxe, o Carnaval primeiro do siglo e do milenio, vos sea propicio, que a salud e a alegría vos acompañe a todos; ese é meu deseo.

Charangas posando diante da casa do concello

Programa 1990 (portada)



Programa 1994 (portada)

Programa 1995 (portada)

Foto de 1998 cos cocos disfrazados

Programa 1999 (portada)

VENRES 12 DE FEBREIRO — VENRES FARELEIRO

As 8 da tarde doce potentes bombas de palenque anunciarán o comezo das populares festas do Antroido. Media hora mais tarde terá lugar na SALA DE FIESTAS «ROSA-LAR» a velada do PREGON, na que intervendrá como pregoeiro do Antroido 99, o escritor e articulista ribadense **D. JOSÉ PÉREZ GARCÍA «MALEN»**. *Rematará este acto que é público e gratuito cá actuación do* **CORO «AIRIÑOS DE RIBADEO»** *dirixido polo seu titular D. Gonzalo MONTERO CRUZ.*

SABADO 13 DE FEBREIRO — SABADO FARIÑEIRO

As 7 da tarde iniciarase na Praza de Abaixo a **FESTA DA FILLOA**, *no transcurso da cual o público asistente poderá degustar hasta altas horas da noite este típico producto carnavalesco regado con viño do país e outras bebidas.*

DOMINGO 14 DE FEBREIRO — DOMINGO LARDEIRO

Desde as 11 da mañán, potentes foguetes anunciarán que a festa segue e darán saida á popular e tradicional **COMPARSA DO PORCO**, *que percorrerá as principais rúas e prazas da vila. Paralelamente as Charangas* **OS RAPACES** *de Rinlo,* **AS GROBAS** *de Vilaselán e* **A CHOCA** *de Ribadeo animarán co seu peculiar estilo e música o vicindario até a hora do xantar.*

A partir das 7 da tarde, serán as Charangas **OS SEGADORES, ATURUXO e FOLIADA**, *todas elas de Ribadeo, quenes animen a vila o que resta de xornada.*

LUNS 15 DE FEBREIRO — LUNS FREIXOEIRO • DIA DO NENO

Desde as 5 da tarde, na SALA DE FIESTAS «ROSA-LAR», xentilmente cedida polo seu propietario, e con acceso público E gratuito, desenrolarase o **ANTROIDO DOS NENOS** *con un festival infantil e a actuación do grupo* **GALLEGA DE ANIMACION** *que co seu espectáculo de palliasos, maxia e animación, alegrará a todolos nenos e nenas asistentes. O remate, a carón das 8 da tarde, a COMISION DE CARNAVALES 99 entregará a todolos asistentes, bolsas con agasallos, sorpresas e golosinas. Pola sua parte,* CAIXA OURENSE, *tamén se sumará á festa repartindo entre os nenos diversos agasallos.*

MARTES 16 DE FEBREIRO — MARTES DE ANTROIDO · DIA GRANDE

As 12 do mediodía, potentes canonazos anunciarán o **DIA GRANDE DO ANTROIDO** *o tempo que a espectacular Charanga* **LOS PILOÑONES** *de Infiesto (Asturias) fará a súa entrada na vila caldeando o ambiente até a hora do xantar co seu variado espectáculo e incomfundible gracia, humor e música.*

As 5 da tarde comezará o **GRAN DESFILE DO ANTROIDO** *dotado con mais de 1.200.000 pesetas en premios e subvencións. O gran desfile en medio dunha espectacular choiva de confetti, serpentinas, quirimaldas e gallardetes contará con mais de 200 músicas pertencentes as Charangas*

LOS PILOÑONES, A CHOCA, ATURUXO, OS SEGADORES, FOLIADA, OS RAPACES e AS GROBAS, *ademais de carrozas, grupos, comparsas, parellas e individuais, que saindo da Praza de España, pasarán polas rúas Martínez Pisonero, Amador Fernández, Avda. de Asturias, Pérez Martínez, Avda. de Galicia, Avda. de América, Virxen do Carmiño, San Roque, Rodríguez Murias, Villafranca del Bierzo e Praza de España.*

NOTA: *Para poder optar a premio e imprescindible inscribirse antes das 4 da tarde nos soportais do Paco Municipal.*

PREMIOS

CARROZAS
1 - 80.000 Ptas. *donado por* ASOCIACION DE COMERCIANTES DE RIBADEO (ACISA)
2 - 60.000 Ptas. *donado por* RESTAURANTE EL HUERTO - GARAJE SAN ANDRES (FORD) e PROMOCIONES SOTUBE (RESIDENCIAL RICAREY)
3 - 40.000 Ptas. *donado por* RESTAURANTE O FORNO e DISCO PUB PIANO y su Fiesta Cubana.

CHARANGAS
1 - 75.000 Ptas. *donado por* CORREDURIA DE SEGUROS PAVI. - GASOLINERA EL JARDIN e DISCO PUB RIBANZO
2 - 60.000 Ptas. *donado por* GALERIAS LA INNOVACION, FOTO ESTUDIO SUSO, MESONES MARINERO y ANDARICA, e FRUTAS HNOS. RIVAS
3 - 40.000 Ptas. *donado por* RESTAURANTE CANTON BAR, e CONFITERIAS CAFETERIAS LA CANDELARIA

GRUPOS E COMPARSAS
1 - 40.000 Ptas. *donado por* CONSTRUCCIONES GERVASIO CAO
2 - 30.000 Ptas. *donado por* COVA DA VELLA, CAFE ESPAÑOL e MOLINO PUB y su Fiesta Cubana
3 - 20.000 Ptas. *donado por* ASCENSORES ELEVAR e CONSTRUCCIONES IRAVEDRA

PARELLAS
1 - 20.000 Ptas. *donado por* CAIXA ORENSE
2 - 15.000 Ptas. *donado por* AGENCIA DE VIAJES TERRAMAR de Ribadeo y Burela
3 - 10.000 Ptas. *donado por* CONFITERÍA LINARES

INDIVIDUALES
1 - 15.000 Ptas. *donado por* CAFETERIA MADISON
2 - 12.000 Ptas. *donado por* LOMATICA
3 - 8.000 Ptas. *donado por* FOTO MIGUEL

O remate do desfile procederase a entrega de premios e seguidamente a festa continuará ate a mercer cas Charangas cidades que animarán as rúas.

NOTA: *O xurado calificador tomaranse alleo a Comisión dictaminará todolos premios, sendo o seu fallo inapelable e podendo deixar algún deles deserto.*

SABADO 20 DE FEBREIRO — SABADO DE PIÑATA

Continuará a festa anunciando as 12 da mañá potentes foguetes, que se achega a QUEIMA DO ANTROIDO, *mentres a inigualable* **Charanga N.B.A.** *de A Coruña animará as rúas ate o xantar. Desde as 5 da tarde novos pasarrúas da Charanga N.B.A. para iniciarse as 8:30 da noite na Camiño a concentración do* **COCHEXO DO ANTROIDO**, *prazandose feito riguroso. Ca compaña das Charangas* **N.B.A., AS GROBAS, OS RAPACES, OS SEGADORES, FOLIADA, ATURUXO e A CHOCA** *comezarán o desfile pasando por Praza de España, San Francisco, Vicente Pérez, Ramón González, San Roque, Rodríguez Murías, Viejo Pancho, Antonio Otero e Porcillán ate a Escolleira donde se procederá a QUEIMA DO ANTROIDO en medio dunha espectacular e vistosa fogueira a que seguirá unha sesión de pirotecnia e lumeiradas que pondrá o broche de ouro ós Carnavais deste ano. Non obstante a festa continuará ate ben entrada a madrugada acompañada de peculiar música das Charangas locais.*

NOTAS:
O recinto ferial estará instalado na Alameda de San Francisco desde o 10 o 22 de febreiro.
Calquera alteración do presente programa será oportunamente anunciado.

VI CONCURSO POPULAR DE FOTOGRAFIA

A Comisión de Carnavales 99, con o patrocinio de CAIXA OURENSE, e en colaboración co Delegación Municipal de Cultura do Excmo. Concello de Ribadeo convoca o VI CONCURSO POPULAR DE FOTOGRAFIA dotado con 3 premios en metálico e cuias bases de participación serán feitas públicas oportunamente.

PATROCINA CAIXA OURENSE

II XORNADAS GASTRONOMICAS DO ANTROIDO

O PARADOR DE TURISMO DE RIBADEO,
organiza do 14 o 21 de febreiro as

II Xornadas Gastronómicas do Antroido.

Programa de 1999

Proxecto Educativo Europeo
"WWW.FESTPOP.EDU

Enquisa para a catalogación das festas populares / Tabulación de respostas

1. Nome da festa

1.1 Orixinal: ***O Carme (Nosa Señora do Carme)***

1.2 Traducción: El Carmen (Nuestra Señora del Carmen)

2. Lugar

2.1 País: España

2.2 Rexión: Galicia

2.3 Localidade: Ribadeo

3. Tempos

3.1 Data día/mes: 15 xullo (na realidade sofre variacións de ano en ano para facer que cadre en fin de semana e que non coincidan varias festas coa mesma advocación en varios puntos diferentes da ría).

3.2 Duración: 1 día (segundo o presuposto, celébrase unha verbena o día anterior)

3.3 Horario: A última hora da mañá ou primeira da tarde (segundo a marea) e pola noite.

4. Descrición

4.1 Ocasión/ motivación: Rendir homenaxe á patroa dos mariñeiros.

4.2 Orixe (festa relixiosa / pagá): relixiosa

4.3 Ambiente: festivo, orientado a xente de tódalas idades.

4.4 Elementos esenciais (se son esenciais, n se non o son): ritos relixiosos na igrexa: si, en particular coa misa en honra a Nosa Señora do Carme (na capela da Trinidade, situada na Atalaia, e á que por esa razón moitas veces se lle chama "do Carme").

Procesións: si, constitúe un punto clave para o conxunto de celebracións. A procesión é mariña, acompañando á Virxe embarcacións diversas, de barcos de pesca a barcas inchables. A Virxe báixase en procesión pola rúa ata o peirao trala misa, e despois da procesión mariñeira vólvese a subir.

Participación directa dos presentes: non, se exceptuamos momentos concretos como o acompañamento da procesión ou a participación dentro da familia.

Desfile en traxe típico: non, se ben sempre hai xente que se viste de xeito tradicional, o que constitúe un elemento típico.

Carrozas: non no sentido propio de carozas por terra. Os barcos que saen en procesión soen decorarse con palmas e bandeiriñas.

Fogos artificiais: si. O día esperta con bombas de palenque que se prodigan noutros momentos, como cando se tira á auga a coroa en ofrenda ós náufragos.

Teatro de rúa: non.

Xogos tradicionais: non

Música e baile: Unha orquestra ameniza a sesión vermú e despois pola noite, a partir das dez, comeza de novo a tocar alternándose con outra orquestra.

Banda: non, se ben na parte da procesión na que a Virxe volve á capela da Trinidade soe ir acompañada con grupos musicais, que pode incluír gaiteiros ou banda.

Grupos espontáneos de músicos: non.

Cantos: A salve Mariñeira é tradicional.

Bailes tradicionais: non.

Bailes modernos: si. Os realizados coa interpretación das orquestras.

Participación principal (h, homes; m, mulleres; n, nenos; x, xoves): toda a xente do lugar acode á festa.

Venda de productos artesáns locais: non.

Alimentos tradicionais: non.

Animais: non.

Feira / mercado: non.

Outro:.

5. Informacións útiles

5.1 Para saber máis (Bibliografía, documentos, ...): Noticias diversas aparecidas no semanario "La Comarca del Eo". É unha fonte histórica o libro de Francisco Lanza "Ribadeo Antiguo".

5.2 Como se chega: a festa celébrase no peirao de Porcillán, a Ría e a Capela do Carme, en Ribadeo. A Ribadeo chégase pola estrada N634, pola costa, ou dende o interior pola N640. Asemade, por ferrocarril na liña Ferrol-Xixón, e por barco (particular; neste caso, ó mesmo lugar do porto de Porcillán). A posición de Ribadeo é 43º32'N, 7º02'W.

5.3 Pode requirirse información a: no Concello de Ribadeo, Casa do Concello, Pza. España, 27700 Ribadeo (Lugo) - España. Tf. 982 128 650 e 982 128 662. Tamén directamente á comisión de festas do ano en que se trate ou a Carlos Fernández Neira (ver máis abaixo)

Datos recollidos por:

6. Comentario xeral / Aclaracións ós datos antes expostos e outras informacións.

As festas en honra á Virxe do Carme celébranse, ano tras ano, no ribadense peirao de Porcillán, aínda que non sería a primeira vez que esta tradicional festa se celebrase no outro porto, de Mirasol.

Os días vintetres e vintecatro de xullo foron os elixidos en 1999 para honrar á Santísima Virxe do Carme, titulada celestial Raíña dos mares e Excelsa Patroa dos mariñeiros.

O programa de festexos iniciouse na tarde-noite do venres (día vintetrés) cunha animada festa-verbena na que se congregou un gran número de público.

O sábado vintecatro foi o chamado "Día Grande", con misa solemne na Atalaia (mirador sobre a ría de Ribadeo no que se atopa a capela que alberga a imaxe da Virxe), baixada da Virxe do Carme ata o peirao de Porcillán, e procesión marítima coa venerada imaxe pola parte final da Ría ribadense. Faise unha visita protocolaria, aínda que sen desembarcar, ós pobos cercanos de Figueiras e Castropol, onde é recibida con foguetes. E logo, a ofrenda floral de ramos e coroas en memoria das xentes do mar finadas en tráxicos naufraxios.

Seguidamente comezou a festa-verbena, na que se queimaron fogos de artificio. Unha traca que puxo fin a estas festas de sabor mariñeiro que un ano máis organizou o entusiasta ribadense Carlos Fernández Neira, apodado "O Recristo".

Carlos conta que estando de pesca as redes engancháronse na hélice, o barco ía á deriva, e moi asustado prometeulle á Virxe que se o salvaba organizaría a festa durante tódolos anos que lle quedaban de vida, pouco despois un barco rescatouno, agora leva máis de dez anos organizándoa.

A festa do Carme non só se celebra en Ribadeo senón tamén en cada pobo mariñeiro do país dende o século XVIII, aínda que non foi patroa oficial das mariñas de guerra e mercante ata principios do XX. Con antelación este posto correspondía a S. Pedro, apodado "mariñeiro", polo seu traballo como pescador.

A Virxe do Carme é a patroa das ánimas do purgatorio, e crese que pasou a ser patroa do mar debido ó xeito de representala: coas ánimas saíndo entre as lapas e agarrándose ó escapulario, como se fosen náufragos que está a socorrer. A forma de celebrarse é máis ou menos igual: unha misa en honra da patroa, a procesión marítima e a verbena. O que cambia é que cada sitio a celebra un día diferente e algúns teñen

máis actos, como antes se facían en Ribadeo, por exemplo, xogos para a xuventude: a cucaña, que consistía en pasar un pao esvaradío dun extremo a outro; tiraban un cocho á auga e tiñan que mergullarse buscándoo ou atopar moedas . . .

Dentro da festa, cando baixan a Virxe, é típico que lle canten os mariñeiros a seguinte canción:

"Salve, estrella de los mares,
de los mares iris
de eterna ventura.

Salve, oh fénix de hermosura,
Madre del divino amor
De tu pueblo los pesares
Tu clemencia de consuelo
Fervoroso suba al cielo
Junto a ti nuestro clamor.

Salve, estrella de los mares, salve..."

Toda a festa está presidida pola imaxe da Virxe, que se atopa todo o ano na capela da "Atalaia", lugar onde se alza unha pequena fortaleza con canóns para resistir ás invasións marítimas.

Como curiosidade, a verbena correspondente a esta festa é máis concorrida por xente doutras parroquias (da ría e do campo ribadense) que por xente da propia vila.

Foto retrospectiva da procesión marítima

A Virxe, de novo en terra, camiño da Capela da Atalaia.

Proxecto Educativo Europeo
"WWW.FESTPOP.EDU

Enquisa para a catalogación das festas populares / Tabulación de respostas

1. Nome da festa
1.1 Orixinal: *San Xoán*
1.2 Traducción: San Xoán
2. Lugar
2.1 País: España
2.2 Rexión: Galicia
2.3 Localidade: Couxela (Ribadeo)
3. Tempos
3.1 Data día/mes: noite do 23 ó 24 de xuño.
3.2 Duración: 1 día.
3.3 Horario: A noite do día 23 ó 24.
4. Descrición

4.1 Ocasión/ motivación: Realízase con ocasión da que ven sendo considerada a noite máis curta do ano e con motivo de espantar as meigas.

4.2 Orixe (festa relixiosa / pagá): é pagá, se ben o trasfondo, como o seu nome deixa ás claras, intentouse que fora relixioso.

4.3 Ambiente: festivo, orientado máis ben á xente nova.

4.4 Elementos esenciais (s se son esenciais, n se non o son):

ritos relixiosos na igrexa: non de xeito conectado coa festa. Si, se consideramos a celebración do S. Xoán, pero a celebración relixiosa non ten que ver coa celebración tradicional da noite máis curta.
procesións:non.
participación directa dos presentes: si, básica.
desfile en traxe típico: non.
carrozas: non.
fogos artificiais: non, só de xeito illado.
teatro de rúa: non.
xogos tradicionais: si
¿cales?: o salto da fogueira.
música e baile: non.
banda: non.
grupos espontáneos de músicos: non.

cantos: non.

bailes tradicionais: non

bailes modernos: non.

participación principal (h, homes; m, mulleres; n, nenos; x, xoves): toda a xente do lugar acode á festa, se ben é a xente nova quen leva a voz cantante.

venda de productos artesáns locais: non.

alimentos tradicionais: non.

animais: non.

feira / mercado: non.

outro: O esencial é a fogueira e a participación direita dos presentes, en particular os novos, xa que para espantar as meigas (motivo da festa), tódolos alí presentes deben saltar nove veces a fogueira. Tamén é tradicional que se fagan conxuros e que se asen chourizos ó arredor da fogueira.

5. Informacións útiles

5.1 Para saber máis (Bibliografía, documentos, ...): Este tipo de festa é corrente no entorno, cunhas ou outras características, estando estudiado en diversos libros dun xeito xenérico, sen referirse en concreto á de Couxela.

5.2 Como se chega: A festa realízase na antiga estrada do pobo. Para chegar a Couxela pódese acceder a través da estrada N642 ou ben dende Ribadeo. A Ribadeo chégase pola estrada N634, pola costa, ou dende o interior pola N640. Asemade, por ferrocarril na liña Ferrol-Xixón, e por barco (particular). Cedofeita, pertencente ó concello de Ribadeo, está situada cerca da costa do mar Cantábrico, a 43º25'N, 7º10'W.

5.3 Pode requirirse información a: no Concello de Ribadeo, Casa do Concello, Pza. España, 27700 Ribadeo (Lugo) - España. Tf. 982 128 650 e 982 128 662. Tamén directamente á comisión de festas do ano en que se trate.

Datos recollidos por: Juan Antonio Peña Villapol

Alberto García López

6. Comentario xeral / Aclaracións ós datos antes expostos e outras informacións.

A festa que aquí se presenta é a versión que ten lugar nesta localidade dunha celebración que se conmemora en toda a comarca de xeito semellante. Funde a súa historia con ritos anteriores á conquista romana, na que se prendían as fogueiras en sinal de apoio ó sol para

axudarlle a recobrar forzas e que non seguira mermando en iluminación e calor.

Esta festa está dedicada de xeito fundamental á xente nova, que acode á fogueira, e despois de que esta se apague, tódolos alí presentes se dirixen en grupos pequenos a facer trasnadas á xente do pobo. Estas consisten en arreo de carros e apeiros de labranza dende as casas dos particulares ata o campo da igrexa. A festa non remata na práctica ata o mediodía do día 24 de xuño.





A fogueira, dende a súa construcción ó seu fin.

Proxecto Educativo Europeo
"WWW.FESTPOP.EDU

Enquisa para a catalogación das festas populares / Tabulación de respostas

1. Nome da festa

1.1 Orixinal: ***xira***

1.2 Traducción: Xira de Sta. Cruz

2. Lugar

2.1 País: España

2.2 Rexión: Galicia

2.3 Localidade: Monte de Sta. Cruz - Ribadeo

3. Tempos

3.1 Data día/mes:

Periodo (se é festa móbil): Primeiro domingo do mes de agosto

3.2 Duración: É de un día, anque os máis xóvenes o celebren durante máis tempo: dende a noite anterior ata a madrugada do luns.

3.3 Horario: Durante todo o día e parte da noite.

4. Descripción

4.1 Ocasión/motivación: A xuntanza de gaiteiros, grupos folclóricos de gaitas e danzas e, con eles a diversión asegurada.

4.2 Orixe: Pagana.

4.3 Ambiente: Xolgorrio, moita animación, en xeral, un ambiente festivo a partir da celebracións de comidas e merendas campestres..

4.4 Elementos esenciais:

Ritos relixiosos na igrexa: non. Nembargantes, celébrase unha misa na ermida situada en Sta Cruz.

Procesións: non, mais hai diversos grupos de gaitas que tocan á saída da misa, sen ser unha substitución.

Participación directa dos presentes: si, a xente participa tocando, ben con gaitas ou tamén con guitarras ou cantos.

Desfile en traxe típico: si. Moitos rapaces e rapazas vístense en traxe típico para bailar no Cantón.

carrozas: non.

fogos artificiais: si. Dende primeira hora da mañán, para anunciar as festas (non como demostración pirotécnica).

teatro de rúa: non.

xogos tradicionais: non de xeito organizado, practícase por grupos illados.

¿cáles?:

música e baile:

banda: non.

grupos espontáneos de músicos: si, se ben de xeito reducido, en cada merenda.

cantos: si..

bailes tradicionais: si.

bailes modernos: non, se ben sempre algún grupo desenvolve danzas deste tipo de xeito illado.

Moitos grupos de gaitas de diferentes puntos de Galicia tocan durante todo o día amenizando ós presentes. Tamén hai xente espontánea que toca coas súas guitarras e outros instrumentos. Unha orquesta ameniza dende últimas horas da tarde ata que a noite entra.

participación principal (h, homes; m, mulleres; n, nenos; x, xóvenes): todos.

venda de productos artisáns locais: non.

alimentos tradicionais: non como tales, se ben hai venda de empanada, tortillas e, sobre todo que non falte o viño.Tamén hai venda de outros productos como xelados.

animais: non.

feira / mercado: non. Véndense diversos obxetos indispensables nesta xira coma sombreiros ou pañoletas, hai tamén tenderetes nos que venden lmoitas bagatelas

outro: Tamén se baila no chamado cantón de Ribadeo e se chama a tención do pobo con gaiteiros en desfile o mesmo día pola mañán. Moitos grupos de gaitas de diferentes puntos de Galicia tocan perante todo o día amenizando ós presentes. Unha orquestra ameniza dende as últimas horas da tarde ata que a noite entra.

A xuventude sóese mollar con calimocho e facer coma guerras de pintura. É moi afortunado o que acaba o día un pouco limpo.

5. Informacións útis

5.1 Para saber máis (Bibliografía, documentos, ...): haoi dous libros escritos por José María Fernández Fernández, Un co nome de "Las Cruces" e outro co de "Santuario de Nuestra Señora da Ponte", este último de 1986, ambos en castelán.

5.2 Como se chega: Partindo de Ribadeo (43º30'N, 7º5'W), cóllese a carreteira que sube cara a Santa Cruz e despois de pasar Covelas tómase a primeira desviación cara á esquerda.

5.3 Pode requerirse información a: no Concello de Ribadeo, Casa

do Concello, Pza. España, 27700 Ribadeo (Lugo) - España. Tf. 982 128 650 e 982 128 662. Tamén direitamente á comisión de festas da edición que corresponda.

Datos recollidos por:

6. Comentario xeral / Aclaracións ós datos antes expostos e outras informacións (aínda que está en elaboración, a completar con fotos, vídeo, carteis, pregóns, ... expoñemos aquí retazos collidos de varios traballos presentados).

Para saber máis pódese atopar unha breve reseña na enciclopedia galega, na guía das festas populares de Galicia, en romarías e santuarios, e tamén nun caderniño de un nome bastante complicado: Ribadeo-Monumento ó gaiteiro- pregóns do día da gaita galega e xira de Sta Cruz 1980-1990- sociedade Amigos da gaita, todos eles presentes na biblioteca municipal de Ribadeo.

A festa é organizada pola asociación ribadense Amigos da gaita galega. Amigos da gaita naceu en 1952 da man de Carlos e Amando Suárez Couto e Primitivo Díaz, coñecidos ribadenses e afeizoados a tocala gaita, eles formaron tamén o primeiro grupo de gaitas: Saudade. Esta asociación promoveu o monumento ó gaiteiro , este monumento foi inauguado en 1965, dende aquela quedou instaurada a romaría que seguiu medrando ata achegar á actualidade.

Pasan de 35 edicións, sendo presidente da asociación o coñecido Pancho Maseda.

- María Prieto Vázquez :A Xira de Sta Cruz é unha festa na que xóvenes e vellos disfrutan coma nenos, e esta tradición transmítese de xeración en xeración, é moi pouca a xente de Ribadeo que non a disfruta, e é moita a xente de fóra que a disfruta cada ano.

A xira de Sta Cruz é unha festa coñecida en toda Galicia, e estase dando a coñecer agora no occidente asturiano.

Moitos xóvenes pásano en grande mollándose con calimocho e é moi afortunado o que sae un pouco limpo desta festa.

A duración da xira é coma unha decisión de cada persoa que a disfruta, alguúns durmen no monte xa o día anterior para garda-lo sitio, e quedaranse ata o día seguinte da festa ata que lles pase a resaca.

Aínda que o domingo é o día grande, os días anteriores e posteriores tamén son unha festa para moitos dos habitantes deste pobo, Ribadeo.

A Xira é moi famosa en toda Galicia, moita xente ven a ela dende lonxe, e aproveita para visita-las distecas e pubs moi famosas en toda a

comarca.

Dende Sta Cruz pódese divisar unha preciosa vista da Ría e do occidente asturiano, constitúe unha das vistas máis fermosas desta vila, e é unha paraxe natural moi visitada en temporada estival.

Nos días anteriores á xira realízase o pregón da festa, do que se xuntas dous exemplos.

Datos recollidos por:

María Prieto Vázquez



Foto: imaxe do gaiteiro en Sta. Cruz

Pregón 1999

Pregoeira: Primi Nécega Gallo
(escrito en orixe en castelán)

SEÑORAS Y SEÑORES,
Amigas y amigos ribadenses:
Fue para mí una sorpresa el ser invitada para este pregón. Mi primer impulso era negarme, pero una vez que lo pensé comprendí que queriendo a Ribadeo, mi obligación era contribuir y aceptar lo que de mí se pedía. Quiero por lo tanto, antes de nada, dar las gracias a todas esas personas que me ayudaron y me invitaron para tan preciosa misión, a la cual quiero defender con mis mejores deseos.
Nos encontramos pues frente a frente en este escenario del Teatro, para mi tan conocido y lleno de recuerdos; puesta en ello trataré de hacerlo lo mejor que pueda contando, eso sí, con vuestra paciencia, mi buena fe y el cariño que siento por este Ribadeo que tanto quiero.
Llegué a Ribadeo en el año 49, con una maleta llena de ilusiones dado mis pocos años, que con el paso del tiempo se acrecentaron cual bagaje esparcidos a través de mi vida. Mis primeros pasos en aquel Ribadeo de entonces eran una fuente inigualable de inspiración y mis primeras poesías brotaron una mañana al abrir mi balcón frente a una hermosa huerta, que siempre recordaré verde y florida que dejaba ver entre sus enramados árboles frutales el mágico encanto de la preciosa ría, dando paso con ello a mis balbuceos literarios.
Son muchas las anécdotas y muchos ios recuerdos que se podrían contar de aquellos tiempos, destacándose entre todas ellas como principal atractivo toda la gama de este pueblo-ciudad que me brindaba el cariño de sus gentes, de su cultura, su rancio abolengo y su magnífica grandeza que yo a duras penas trataba de entender. Poco a poco comprendí la suerte de vivir en una villa tan hermosa, con un elevado espíritu cultural. Alguien dijo desde este mismo escenario y con motivo de un pregón: "...A Ribadeo hay que llegar con humildad...". Así es, pues todos sabemos que el espíritu ribadense conserva la herencia de grandes y lejanas culturas de su glorioso pasado, todos lo tenemos presente. Yergue su abolengo y cultura en cada piedra, en cada calle, en cada esquina, en su legendaria Casa de Ibáñez y en la maravillosa estructura de su palacio.

Eran tiempos sencillos, sin televisión y escasas cafeterías, tiempos de ir a misa por la mañana temprano, donde la buena de Luisiña te daba una silla a cambio de un perrón, pues no existían tantos bancos como ahora. Y entre los animados paseos de las cuatro calles, teníamos el aliciente de una gran y surtida biblioteca en el Palacio de los Moreno. Entonces me parecía grande, espaciosa, con su estantería circular, donde un bonito cuadro de El Viejo Pancho vestido de gaucho sobre un blanco caballo pintado por el ribadense Amando Suárez Couto nos hablaba de la Pampa de sus poemas.
Nuestras diversiones discurrían entre el cine, el baile en el casino, Rosa Lar y los Jueves de música, que en el verano eran muy alegres, como todas aquellas fiestas que empezaban en Villaselán, Villaframil, Rinlo, para terminar en Figueras, Castropol, con la bonita ría por medio, con sus lanchas de pasaje que brindaban además del festejo la alegre travesía, claro que muchas veces la marea nos hacía su jugada.... y de ahí el dicho de "A Castropol por la Cortada".
Hay que señalar que entre estas fiestas se destacaba la ROMERÍA DE SANTA CRUZ, que se celebraba el primer domingo de Mayo a partir del día tres. En esta ocasión subíamos aprovechando aquel primer rayo de sol primaveral que nos traía el nordés frío o algún que otro chaparrón. Era una verdadera gozada subir a Santa Cruz, siempre lo fue y lo seguirá siendo; su bonita panorámica animaba nuestro espíritu que jóvenes entonces todo era alegría y risas. Naturalmente lo hacíamos en el coche de San Femando un poco a pié y otro poco andando.
La capilla era cual diminuta figura blanca envuelta en la grandeza de verdes pinos y olorosos eucaliptos que por doquier abrazaban toda su cúspide. Al llegar era obligado visitar a la Virgen, que se llama la Virgen de la Guía por ser una réplica de la que como faro marinero existe en Vigo, en lo alto de sus colinas. Se dice que antaño llegaban los marineros con sus ofrendas dejando allí la reproducción en pequeñas maquetas de sus navíos, que orgullosos colgaban a la altura de su salvadora. Se recuerdan dos pequeños barcos colgados en la ermita, así como muchos exvotos de cera que pendían de sus paredes (hoy ya desaparecidos) como brazos, piernas, manos... en mística devoción; como cosa curiosa también había un corsé, tal vez su dueña padecía del lumbago.
La fiesta era siempre en pandilla, se comía la tortilla, el bistec o la empanada, regada con agua, gaseosa de Rañón y algún que otro vaso de vino. El colorido de esta agradable romería lo ponían los grupos. Los gaiteros tocaban en un improvisado palco (recuerdo a Primitivo y los

"Quirotelvos"). Frente a la capilla se improvisaba el baile, en una pequeña explanada de tierra y verde hierba. De cada merienda salía un grupo de canto: habaneras, corridos mejicanos, muiñeiras, canciones gallegas..., todo se mezclaba en alegre armonía, mientras al fondo, desde su mirador, Ribadeo pequeño, bello... cual bonita postal se mecía con el susurro de su ría. Al atardecer era preciso regresar. Con pena te despedías de aquella improvisada juerga, algo se quedaba en cada árbol, en cada rama, parecía que un trocito de tu risa, de ti misma, se iba quedando atrás. Al bajar con la mirada encendida en espera de otra mirada, de otra risa, de otra mano, de un amor que muchas veces empezaba allí. Por la carretera o corredoira cantábamos alegres con los últimos rayos del sol.... y ya en San Lázaro oscurecía; Allí se quedaba Santa Cruz hasta el próximo año, silenciosa, callada, mientras el último fuego subía a lo alto.

A mediados del año 62 unos amigos del folclore gallego, entre ellos Pepe de Domingo, Don Gonzalo, Pepe Rañón y Femando Lozano, reunidos una tarde en el café Mediante, el más aristocrático de entonces, acordaron crear una asociación para organizar una Xira enxebre a Santa Cruz en épocas veraniegas, apoyando la idea que Carlos Suárez Couto había tenido, siendo avalada por el entonces alcalde de Ribadeo D. Francisco Maseda García cuya fiesta se celebraría el primer domingo de Agosto. Esta asociación se llamaría "AMIGOS DE LA GAITA". La XIRA A SANTA CRUZ había nacido.

Al mismo tiempo Carlos Suárez Couto creó a sus famosas gaiteiras "AS NENIÑAS DE SAUDADE", llamadas así por ser ocho jóvenes de Ribadeo entre los doce y trece años. Buscaron entonces para enseñarles el precioso arte de tocar la gaita al mejor y más antiguo de los gaiteros, PRIMITIVO DIAZ, que además era un gran músico, profesor de trompeta en la Banda. Construía sus propias gaitas en un estudio que tenía en su casa, perfeccionando la técnica y el arte de este instrumento, ya que sus palletas y punteros eran encargados y vendidos por todas las zonas de nuestra región y muchas localidades de la geografía española.

Aquellas jóvenes gaiteras parecían salidas de un cuento de Perrault, o de un bonito óleo de Gamallo Fierros, ataviadas con el típico traje de Ribadeo, confeccionado artísticamente por Doña Matilde García de Paredes. Eran entonces las primeras gaiteras existentes en toda Galicia de las cuales comentó el escritor Alvaro Cunqueiro: "... a mm non me gusta a muller gaiteira, o gaiteiro ten que ser un home, un home..." Pensamos que muy lejos de ser un machista, el escritor mindoniense se

basaba en sus leyendas gallegas.

Y poco a poco Santa Cruz fue abriendo una pauta dinámica y festiva; se proyecta y se lleva a la práctica con gran sacrificio la construcción de un monumento al GAITERO, hermosa obra en cantería labrada y esculpida por el famoso escultor orensano Antonio Failde Gago, instalado en su parque o mirador (como se dice ahora), donde además se coloca una pequeña placa dedicada a nuestro gaitero mayor: PRIMITIVO. Se cambió su cruz de madera por una artesana de piedra, costeada por el entonces párroco de Obe D. Luis Martínez y el doctor Mediavilla, ambos profesores en el Instituto Laboral, llamada CRUZ DE LUZ por llevar de arriba abajo una amplia abertura que da paso al sol naciente y poniente, dotada de luz eléctrica para las dulces noches de fiesta. Y en su alta subida con merecido agradecimiento, se inaugura la Corredoira de los Hermanos Couto, alma y vida de todo esto, que discurre en su pendiente rodeada de verdes prados y olorosas esencias perdurando para futuras generaciones como un ejemplo de amor y arte de estos grandes amadores de su pueblo y de su folclore.

Ese folclore que nos trajo la restitución de nuestro traje gallego. Hoy en día confeccionado por una artista ribadense, que con su habilidad elabora nuestro traje típico; sus mantelas y dengues llenos de abalorios y lentejuelas fluyen de las manos de María del Carmen Maseda Legazpi, vislumbrando un atractivo más a este festejo. Jóvenes, mayores, niñas y niños lucen y pasean dando un aire de siglo pasado con tan romántico atavío al son de los gaiteros que desde las primeras horas de la mañana amenizan las Cuatro Calles y el Cantón anunciando que la Xira comienza, donde lo más importante será el gaitero que con sus alboradas subirá para perderse allá arriba, entre los verdes pinos y los altos eucaliptos. Y la noche poco a poco irá tejiendo sus azules tules sobre las meriendas, sobre el roncón de la gaita que con fuerza anunciará que oscurece... Pero Santa Cruz seguirá ahí.., con su historia, con la corredoira de los Hermanos Couto, con el tronar de nuestro gaitero Primitivo, con las Neniñas de Saudade y un largo etcétera de personas, artífices de todo esto a las que nunca olvidaremos.

Una vez más abriremos nuestras puertas a la ilusión y subiremos, tal vez andando o en coche ¿quién sabe?..., pero allí estaremos, para visitar a la Virgen, probar la queimada, y sentir muy adentro la nostalgia desde su mirador, felices... atónitos, pensando que Dios dejó este rincón para solaz y alegría de todos los que aún podamos de hacerlo, mirando entre lágrimas lo que nos queda día a día de nuestra querida y ya lejana Santa

Cruz... a la que yo un día dediqué esta poesía, la cual pone punto final a este pregón:

SANTA CRUZ
Santa Cruz está nun alto
nun alto moi lonxano...
lémbrote no meu silencio
con ollos de namorado.
Que esquecida me pareces
recordando, recordando...
os teus pinos, as túas frondas
as túas xestas que ollamos...
A nosa primeira risa...
gardaches madrugadora
que se perdeu entre as silvas
da fermosa corredoira...
Rompe a gaita o silencio...
que cubre a terra meiga...
¡enchendo de fantasía...
aquela ilusión primeira...!
Cuberta vai a campiña
de eucalipto e de pinares
de olores que se perciben
entre acordes e cantares.
Cimbrea a xesta amarela
e a súas cores nos crava
mais... os ollos ilumínanse...
e as miradas nos falan...
E xurde alí no alto...
agarimosa, doce e feliz...
as primicias dunha rosa...
o primeiro bico e o sí...
Xa a oscura tarde tingue
dun vermello e roxo carmín
soan fortes o pandeiro
a gaita e o tamboril...
¡Noite de Santa Cruz
que lonxe te vas quedando!

¡que triste a min me pareces...
pois por ti... estou chorando...!
PRIMI NÉCEGA, 31de julio del 1999

Pregón 2000

Roberto Rodríguez Rodríguez

Miñas donas, meus señores, amigas e amigos:
Sean mis primeras palabras de bienvenida y acogida a todos los que venidos de otras tierras nos visitan en estas fechas.
Decirles que quien les habla, lo hará en gallego, no como signo distanciador o falta de cortesía, más bien de enriquecimiento y exposición a través de la palabra del sentir de las gentes que poblamos este hermoso rincón del noroeste peninsular.
Hacer la exaltación de una fiesta tan gallega como la que hoy me corresponde pregonar, incita a hablar, si uno fuera capaz, en castellano, catalán, euskera, francés, italiano, alemán o portugués.
De ese modo, llegaría al mayor número posible de potenciales visitantes.
Esta orientación correcta y asumible tiene mucha coherencia pero a mi modo de entender las cosas de la vida, cuando viajo, y no creo ser nada original, gusto de sumergirme en la vida diaria y las costumbres de las gentes de esos lugares nuevos para mí, y, por supuesto, en su idioma.
De modo recíproco, cuando alguien nos visita, gusta de acercarse a todo aquello que distingue nuestra tierra: paisaje, arquitectura, música o gastronomía, de la que no puede faltar el pulpo, empanada, callos, caldo o marisco. Pero ese cuadro estaría incompleto sin las personas, sin nosotros, en nuestro diario devenir, expresándonos en nuestra lengua materna, gallega.
Saben nuestros visitantes aquí presentes que Galicia es tierra acogedora por naturaleza; en nuestra alma llevamos la emigración muy marcada y, sin faltar a la cortesía, un día como hoy de exaltación de nuestro folclore en forma de romería, Xira de Santa Cruz. con un instrumento de rango universal, la gaita, y la figura insigne del gaiteiro, no puede ni debe estar ausente nuestra lengua materna.
Feita esta declaración de intencións, compre suliñar o desacougo que me invade por ocupar esta tribuna.
Sei que é unha honra pregoar a nosa Xira a Santa Cruz e agradezo á Directiva de Amigos da Gaita a distinción que me otorgan, mais saben os que ben me coñecen, e algúns hai neste fermoso Auditorio, que non

son amigo dos primeiros planos, aínda que non o pareza.
Iso é consecuencia de vivir nunha vila cativa, xa non tan cativa e como consecuencia ocurre o mesmo que nas obras teatrais de moitos personaxes nas que uns poucos actores teñen que desdobrarse para levar adiante a representación.
Así é como poido explicar o por qué de ser membro da Coral Polifónica dende fai vintedous anos ou da Asociación Cultural Dámaso Alonso, sabendo por experiencia propia o esforzo que supón organizar as festas da Patrona, o Antroido ou mesmo entrenar o Ribadeo F.C. na categoría xuvenil.
Os ribadenses certamente te-mos defectos, algúns incluso de rango capital, pero non se nos pode negar o noso carácter emprendedor. Lástima que entre as nosas virtudes non abonde a constancia.
A miudo gustamos de presumir da nosa vila, un defecto coma outro calquera. A veces, metade en broma, metade en serio, cando me preguntan pola miña profesión, contesto seriamente: Ribadense, sí, ribadense.
Esta profesión non catalogada na Universidade nin na Formación Profesional, consíguese con anos de práctica, deixando aflorar esas inquietudes que os ribadenses levamos dentro.
Si me permiten unha confidencia, a miña profesión non é a de ribadense. Non. Soio son aprendiz dos primeiros cursos desa difícil carreira que non ten final.
Decía Descartes que '"sentir non é outra cousa que pensar". O filósofo pasou anos intentando comprender o lugar exacto onde a alma entraba en contacto co corpo. Lástima non coñecer ese lugar crítico da nosa xeografía vital. Pois si a miña alma é fiel á obriga que me impuxeron os Amigos da Gaita, o corpo fai un requebro que me recorda os anos de estudiante e sobre todo a época de exámenes; cómo sería que miña nai me interrogaba entre bromas e veras ó verme tan inquedo: ¿Tes examen de Matemáticas? Non necesitaba artellar palabra. Levaba escrita na cara a resposta.
Hoxe, como non podía ser doutro modo, teño esa sensación de examinado, sobre todo de Matemáticas, porque os ribadenses as veces somos crueles e inmisericordes con quen osa levantala cabeza un pouco máis da conta, sobre todo si é por presunción ou pedantería.
Prometo que o meu ego non me incita a falar dende a altura desta tribuna. Fago miñas as pa-labras de D. Ramón Otero Pedrayo cando comentaba das súas clases "páganme por facer o que me gusta e además asegúranme a presencia de público".

Esa mesma sensación me in-vade no Instituto Gamallo Fierros.
Dionisio Gamallo...Pasan os meses desde que nos deixou e a orfandade é cada vez máis gran-de. O meu corazón chora, sen rubor, como seguro choran os vosos corazóns. Ribadeo, os ribadenses, sentimola orfandade porque Dionisio era, é, e será sempre un ribadense bo e xeneroso. Nacido para interpretar toda a súa vida papéis estelares.
Era tal a súa valía e capacidade que o inundaba todo. Empregando un símil astronómico, Gamallo era o sol da cultura ribadense.
Figura poliédrica, tocado para conquerir grandes metas, nunca perdeu de vista no seu rumbo todo aquelo que significase engrandecer as súas amadas terras do Eo, e sobre elas seu Ribadeo e os seus paisanos. Un Ribadeo que criticaba con teimosía, non por falta de cariño, senón polo in-menso amor que lle profesou ata o último día da súa vida.
Tamén él honrou ó Gaiteiro galego na inauguración do monu-mento o 1 de agosto de 1965, dirixindo a publicación do periódico "LA ALBORADA DEL GAITEIRO", número primeiro e único, no que gaita e gaiteiros están pre-sentes en poemas de Eladio Rodríguez, Moriega Varela, Amado Carballo, Xosé Conde e Díaz Jácome, entre outros.
A derradeira Xira na que recordo a Gamallo foi a do 97, acom-pañando á súa amiga da alma, Luz Pozo Garza, pregoeira ese ano, na ofrenda floral ás cinco da tarde diante do monumento ó Gaiteiro.
Conservo unhas fotos fermosas, xa históricas, feitas por min clandestinamente e que agradeceron cando viron o resultado e os regalei cunhas copias.
Pensando neles e na figura do noso Gaiteiro, do Gaiteiro univer-sal galego, acude á miña memoria Rilke cando escribía "o artista é a eternidade que penetra no lempo"
Dése artista, do gaiteiro, feito eternidade, souben moi cedo.
Retrocedendo ós primeiros recordos da infancia, aparece a gaita, seu tacto, seus sons, os gaiteiros e a súa roupa de festa. Xa antes de ter capacidade memorística. A razón é sinxela. Meu pai era gaiteiro. Para min, fillo emocionado, o mellor gaiteiro do mundo. Por iso, falar da Xira e de Santa Cruz, en min pode semellar mesmo esaxerado, disculpen polo tanto a miña falta de obxectividade.
O mesmo sucede cando o tema de conversación versa acerca do noso Ribadeo. Certa-mente Ribadeo non é o centro do Universo, pero a nós parécenolo e ás veces damos unha imaxe á vista dos non ribadenses que in-terpretan penso, equivocadamente.
Mellor ilustrar a idea cun exemplo. Ocúrreseme o daquel neno criado

cos seus avós que en ausencia de súa nal, emigrada o Uruguay, a que solo coñecía por fotos, por ser moi cativo cando emigrara, falaba constantemente dela os seus amigos.
¡Miña nai e... Miña nai é a mellor nai do mundo. É moi rica, moi alta, ten uns olios fermosos!
Pasados os anos, a nai atravesa de volta o Atlántico e o fillo, encandilado, co corazón a piques de sairlle do peito, espera ó pe do barco cun amigo a baixada da súa nai. Un viaxeiro, outro, outro,...
Di seu amigo:"¡Esa é!" ¿Non dis que e moi fermosa? ¡Non! ¡Esa non é! Contesta.
¿Será aquela?. Tampouco. Ata que o fin descende pola escaleira unha muller vestida con roupa que delataba moito uso, pel enrugada, mirada triste e aire cansino, trocado en paso alegre ó ver a poucos metros a faz radiante do seu filio, esperándoa cos brazos abertos. O rapaz mira ó seu amigo e di: ¡Ves. Esa é miña nai!. ¡A muller máis guapa do mundol.
Dende esa visión filial, entrañable, na que tódolos fillos vemos á nosa nai como a mellor nai de tódalas nais, así é como os ribadenses sentimos a nosa térra. 'O MELLOR LUGAR ENTRE TÓDOLOS LUGARES REAIS E IMAXINABLES'.
Querer a nosa terra, neste caso simbolizada na figura materna, non pode ser un defecto, senón manifestación de amor.
Gaita, gaiteiro, emigración. Outra constante na miña vida. Si, porque nacín preto da granxa Pedro Murias, froito das inquedanzas do ribadense indiano afortunado en Cuba.
A miña imaxinación infantil matinaba a cotío con América. O primeiro continente do que oín falar. E prendeu en min. Cuba, Uruguay, Argentina, Méjico, Estados Unidos, Canadá. Normal por outra banda pois acolá tiña e sigo tendo parenles e veciños da familia. Recordo como si fora hoxe, a fotografía recibida por meus avós maternos na que aparece Fidel Castro e os meus tíos, Antonio e Santiago, nun almacén habanero coa dedicatoria dos tres. Eran os primeiros meses tralo triunfo da Revolución, cando Fidel participaba das simpatías de case tódolos cubanos.
Despois souben da existencia de Europa, e de Australia, para min o fin do mundo, onde emigrou para traballar e casar a miña madriña.
Ven esto a conto do monumento ó Gaiteiro e a súa financiación.
Esa pedra traballada polo ourensán Faílde, débese ás aportacións dos ribadenses, Diputacións galegas, vilas, cidades e sociedades galegas e do resto de España, pero tamén abondan, tal e como escribín nun artigo

publicado en 1990 co título "HOMENAXE AO GAITEIRO GALEGO" no XXV aniversario da súa inauguración en Santa Cruz, aportacións procedentes de lugares tan distantes como Montevideo, Bos Aires, Nova York, California, Lisboa ou Alemania, entre outros.

As 87.000 pts, en 'que foi con-tratado o monumento, foron aportadas pola Galicia residente, simpatizantes, e con grande entusiasmo secundada polos galegos da diáspora. Non puiden constatar ningunha aportación, quizá por falta de pericia, dese galego que din hai na Lúa.

Moitas veces ó subir a carón do Gaiteiro, tento descifrar a onde albisca coa súa mirada pétrea. Cunqueiro diría a bote pronto que a Irlanda e a Bretaña.

Eu chego máis lonxe. O Gaitei-ro son os ollos da nosa terra galega, rica en belos outeiros como San Roque en Viveiro, o Aloia en Tui, Santa Tegra na Garda ou Faro en Chantada. Pero Galicia e os seus fillos espallados polo mundo adiante, otorgaron seu consentimento e contribuiron a facer realidade a formidable idea dos Amigos da Gaita: "Honrar tódolos gaiteiros que toron, son e serán" na, en palabras do recordado D. Ramón Fernández Higueras, Moncho dos Enanos, como a él lle gustaba ser chamado, "Universidade da paisaxe constituida por Ribadeo, a súa Ría, as montañas, piñeirais e tamén Figueiras, Castropol, A Veiga, as costas e o mar... en fin, todo canto a vista abrangue e máis, moito máis!".

Nese "moito máis", estou certo, deberon pensar ó construir a Aula da Natureza e a súa bóveda, branca como a neve que no inverno nos regala a serra da Bobia, que albergará un telescopio co que o Gaiteiro e todos nós albiscaremos os máis recónditos rincóns da nosa galaxia, a Vía Láctea ou mellor, camino de Santiago.

Pregoar a Xira a Santa Cruz neste ano 2000, tan simbólico, bisagra entre o século XX que se nos vai e o XXI que nace cheo de ilusións, invita a voltar a mirada atrás, coma nun soño rápido, ó estilo do monxe da Cantiga CIII pertencente as Cantigas de Santa María de D. Alfonso o Sabio, que soñando no ceo, ficou durmido á beira dunha fonte, mentras ouvía cantar un paxariño. Cando este calou, voltou o frade ao seu mosteiro, pero todo estaba alí troncado e ninguén o coñecia xa. O paxariño estivera a cantar durante trescentos anos, pasados na brevidade dunha hora pola docísima beieza daquel rechouchiar celeste.

Non teman vostedes, non vamos ficar aquí outros trescentos anos, estou a piques de rematar, o tempo está controlado por activa e pasiva, así cos que me recomendaron un pregón non moi extenso entre eles o Sr. Alcalde onte, ben entrada a noite, nun encontro casual, poden respirar

tranquilos. Incluio tamén á miña dona que ten un sentido innato do equilibrio.

Si pechámolos ollos coma o monxe ¿Que podemos ver evocando a Xira, o Gaiteiro e Santa Cruz?

Eu véxome retratado, sendo neno, feliz, cos meus pais e meu irmán nunha foto co selo de Foto Pérez, comendo en Santa Cruz na Xira.

Vexo un neno de doce anos con ollos coma pratos o un de agosto de 1965, día da inauguración do monumento ao Gaiteiro Galego, e a Polifónica dos meus amores, cantando e dirixida maxistralmente por Carlos Ávarez Fernández-Cid, como hoxe o é pola nosa querida e admirada Carmen Rodríguez Cancelo.

Véxome actuando ca Tuna do Instituto Laboral, da que formei parte con Loli Andina, Teresa Martínez, Falo de Columbiano, García, Díaz, José Luis Expósito, ou os máis pequenos Juan Andina, Suso de Ventura ou Moncho do Crixo, entre outros.

¡Que curioso! O mesmo Instituto onde hoxe exerzo a docencia.

Vexo a Lilo no seu microbús, no que tantas veces temos viaxado; as cestas cheas de ricas viandas, incluso en épocas de penuria nas que un pito era o sumun gastronómico.

Vexo a familia, os amigos, noiva, hoxe miña dona, fillos. ¡Que máis se pode pedir!

A vida di Lobo Antunes, "escríbese sen goma de borrar".

¡Que máis da! Se poidera borrar, eu non borraría nada. Son enormemente agradecido, por herencia de meus pais, e consecuente.

Sostiña Jaspers que "soio a través da búsqueda dun mesmo pode o eu acadar o real, o ser".

Síntome afortunado de nacer e vivir nunha Vila Meiga, cunha Ría compartida, na que quen lles fala vive con paixón todo o que signifique ribadensismo, ó que de cando en vez trata de aplicar unha cura de humildade viaxando. Porque Ribadeo non é o ombligo do mundo. É un lugar do mundo.

En frío é doado razonalo, pero... en quente xa é outro cantar.

O viejo Pancho, Ibáñez, o pin-tor Fierros, Dionisio Gamallo, Dámaso Alonso, Luz Pozo, Daniel Cortezón, Barcia Trelles, Os Calvo Sotelo, Las Riberas del Eo, La Comarca, actualmente 'del Eo', Amigos da Gaita, a Filantrópica, Polifónica, Banda, Ribadeo F.C., Emma Cuervo, Escola de Náutica. Perdón por non citar máis, pois ¡son tantas as institucións e persoas a destacar que producen unha impronta na vida ribadense...!

Quen sube a Santa Cruz ten o privilexio de sentir o latexar da Galicia

máis profunda, a medieval do rei Alfonso X o Sabio, de Martín Códax, a dos séculos escuros, ca relevancia do pobo chan que perpetuou a súa lingua de modo oral, a Galicia de Pintos, Rosalía de Castro, Curros e Pondal, da Xeración Nós, do Seminario de Estudios Galegos, de Cunqueiro. ¡Para que seguir!.

E dentro desa Galicia profunda, auténtica, a figura do Gaiteiro secular do que o salmantino Ventura Ruíz Aguilera, en 1860, en poesía adicada a Murguía referíndose a gaita escribe:

"Que no sé deciros si canta o si llora".

Anos máis tarde, en 1863, Rosalía no poema "A gaita gallega" adicado a Ruíz de Aguilera di:

"eu podo decirche non canta, que chora".

Según Lamas Carvajal tamén existe a Gaitoterapia, ou sexa o arte de curar con música de gaita.

Parece ser que un soldado galego a quen daban por morto, curou na Habana ó escoitala gaita.

Pintos no seu libro A Gaita escribe:

"¿Non che abonda de lembrarte que hasta milagros fixeron nos espitales do norte os tocares dos gaiteiros? ¿Que os atacados do gripe e máis do cólera negro, das camas brincaban sans ó oír aquel son do Ceo?"

Rosalía de Castro ve ao Gaiteiro así: '"un repoludo Gaiteiro, de paño sedán vestido, como un príncipe cumprido cariñoso e falangueiro..."

Para Curros Enríquez o Gaiteiro é: "Xentil, aposto, arrogante, en cada nota o gueiteiro ceibaba un limpo diamante que logo no redobrante pulía o tamborileiro.

Hoxe é día de pregoar as ex-celencias da Xira que mañá celebraremos todos, cheos de ledicia.

Neste fermoso Auditorio no que teño a honra de ser o primeiro pregoeiro da Xira de Santa Cruz e do Día da Gaita galega no ano de gracia do 2000, vívamola festa facendo nosos os versos de Lamas Carvajal:

"Fillos da nobre, leal Galicia, non despreciedes esta delicia, facede a gaita máis popular; ben a muiñeira, ben a alborada, deixao sea sempre tocada na aldea e souto, no monte e val"

Permítanme rematar cuns versos da ribadense Luz Pozo Garza a través dos que sinto a Santa Cruz e á Xira como o lugar

"Onde moran os que aman. Os vieiros que me levan persisten na acordanza dunha historia única."

Feliz Xira. Moitas Gracias

Proxecto Educativo Europeo
"WWW.FESTPOP.EDU

Enquisa para a catalogación das festas populares / Tabulación de respostas

1. Nome da festa

1.1 Orixinal: ***A Madanela***

1.2 Traducción: Festa de Santa María Madanela

2. Lugar

2.1 País: España

2.2 Rexión: Galicia

2.3 Localidade: Cedofeita (Ribadeo)

3. Tempos

3.1 Data día/mes: 23 de xullo.

3.2 Duración: 1 día.

3.3 Horario: Das 12 do día 23 ás 5 do día 24.

4. Descrición

4.1 Ocasión/ motivación: Render homenaxe á patroa do pobo.

4.2 Orixe (festa relixiosa / pagá): relixiosa

4.3 Ambiente: festivo, orientado a xente de tódalas idades.

4.4 Elementos esenciais (s se son esenciais, n se non o son):

ritos relixiosos na igrexa: si. Hai unha misa en honra da Virxe das Virtudes. É tradicional o "poñe-la Santa".
procesións: si. Comézase na aldea próxima de Bestilleiros, de onde parten as enseñas de Arante e Vidal, que parten con música ata chegar á Ponte. As enseñas de Ove, Covelas, Cedofeita, Sante e Balboa esperan do outro lado da ponte sobre o río Grande. Ove atravesa a ponte e entra con Arante e Vidal na ermida para sacar a Virxe das Virtudes e Santiago Cabaleiro. Bandéase o pendón máis pequeno dos presentes por un lugareño e saúdanse os pendóns e as cruces.. A continuación, a procesión

dá varias voltas arredor da capela, entrando despois nela para ter lugar a misa das Virtudes.
participación directa dos presentes: si. Son os que sacan os santos de procesión, levan as cruces e os pendóns.
desfile en traxe típico: non.
carrozas: non.
fogos artificiais: si. Para anuncia-la festa, e á noite, para dala por rematada.
teatro de rúa: si. Representación do encontro das cruces e dos pendóns.
xogos tradicionais: non
música e baile:
banda: ás veces. Antigamente, sempre. Hai repique de campás mentres se dan as voltas arredor da ermida.
grupos espontáneos de músicos: non. Contrátanse orquestras para escoitar música e bailar.
cantos: si. Na ermida, os correspondentes ó oficio relixioso.
bailes tradicionais: non.
bailes modernos: Os amenizados pola orquestra segundo a moda, bailando cada persoa de xeito libre.
participación principal (h, homes; m, mulleres; n, nenos; x, xoves): todos.
venda de productos artesáns locais: non.
alimentos tradicionais: non.
animais: non.
feira / mercado: non.

5. Informacións útiles

5.1 Para saber máis (Bibliografía, documentos, ...): hai dous libros escritos por José María Fernández Fernández, Un co nome de "Las Cruces" e outro co de "Santuario de Nuestra Señora da Ponte", este último de 1986, ambos en castelán. Outro libro é "Cousas de Arante", e por último, o de Blanco Prado, José Manuel, "Exvotos e rituais nos santuarios lucenses", Deputación de Lugo, Lugo 1996.

5.2 Como se chega: Partindo de Ribadeo (43º32'N, 7º02'W), cóllese a estrada que sobe cara a Santa Cruz ou a N634 ata chegar ó empalme correspondente da LU133. Nesta, en sentido Vilamar, despois de pasar Covelas, tómase a primeira desviación cara á esquerda, ata chegar ó barrio de A Ponte (43º29'50"N,7º08'30"W)

5.3 Pode requirirse información a: no Concello de Ribadeo, Casa do Concello, Pza. España, 27700 Ribadeo (Lugo) - España. Tf. 982 128 650

e 982 128 662. Tamén directamente á comisión de festas da edición que corresponda.
Datos recollidos por: Natalí Balsa Fernández

6. Comentario xeral / Aclaracións ós datos antes expostos e outras informacións.

Esta festa é a que aparece con maior antigüidade nos documentos parroquiais. É citada por primeira vez no 1667, pero nesta aldea xa había festa dende anos anteriores, porque a orixe da ermida é de entre finais do século XIV e comezos do XV, pero antes da loita foi un Hospital de Peregrinos, como recoñecido así polas organizacións relacionadas co "Camiño de Santiago".

O nome da festa é na actualidade "Festa das Cruces". Esta denominación data de 1809, pero antes desta data existía outra festa que era coñecida polo nome de "Festa da Ponte". Celebrábase esta o 3 de maio e o seu significado foi cambiando co tempo a raíz do enfrontamento na ocupación francesa o 6 de febreiro de 1809 entre as tropas ó mando do Xeneral Fournier e un grupo de veciños de Arante e as parroquias da antiga freguesía das Ribeiras de Sante (antano concello), capitaneados por Díaz de la Rocha e Vicente Lamas, terratenentes que vían como as tropas francesas estaban espoliando os seus feudos

Non consta documentalmente cando se cambiou o 3 de maio polo luns de pentecostés para a celebración da actualmente denominada "Romaxe da festa das Cruces", coa presencia das cruces das parroquias. A cruz de Ove é a primeira en entrar na igrexa, e a idea xeralizada entre os historiadores é que se trata dunha mostra de respecto e de agradecemento das outras parroquias á de Ove, pola deferencia que tivo ó vir axudar na loita, dun xeito decisivo, cando esta non pertencía á diócese de Mondoñedo, xa que se trataba dunha dependencia dunha orde militar, segundo consta en documentos: "el Prior de Ove, de la Inclita y Militar Orden de San Juan de Jerusalem, perteneciente a la encomienda de Portomarín..." .

A capela na que se celebran os actos non é parroquial, senón de rogación.

A comisión que organiza a festa está constituída por un grupo de rapaces desta localidade, que na actualidade son: Narciso Gutiérrez, José Vega, Antonio Gutiérrez, Luis Gallo, Jacobo González e Javier González. Estes son os principais organizadores da festa, contando cos pobos dos arredores que dan unha esmola para que esta romaxe se poida facer.

Existe a historia de que un ano non asistiran á festa-romaxe as cruces de Balboa e maila de Ove. Ese mesmo ano houbo unha gran perda nas colleitas e o mal tempo arrasouno todo. Dende esa ocasión, sempre voltaron a asistir á romaxe. A Virxe das Virtudes é avogada contra o pedrazo.

A procesión realízase arredor da ermida (tres voltas) para que a xente que ten ofrendas poida realizalas; todos os anos vén alguén descalzo ou de xeonllos, dan unha volta arredor da ermida, e logo levan a Santa a ombros. As ofrendas que máis abundan son de cartos, e mais de levar a Santa unha volta na procesión.

As esculturas e pinturas son interesantes, pero non estudiadas. As pinturas do presbiterio son medievais e as da nave son frescos exvotos. Temos na ermida algunha pintura antiga, pero debido ó tempo que teñen, están algo deterioradas; temos soamente unha ou dúas mostras destas pinturas. As cruces tamén son mostras de ourivería a observar, destacando a de Balboa.

A Festa da invención da Santa Cruz, que é realmente a orixe da actual festa, é a que aparece con maior antigüidade nos documentos parroquiais, citándose por primeira vez cando a "Confraría do Rosario de Arante", presenta entre os gastos de 1667 os que se orixinan "de la colocación de los penitentes y lavoratorio de los que asistieron el día de la Santa Cruz a la procesión a la Puente".

Posteriormente, lese nun documento de finais do século XVIII que... "el día 3 de mayo en que se celebra Nuestra Santa Madre Iglesia la Inveción de la Santa Cruz... y acompañar al Cura a la Capilla de Nuestra Señora del Puente, para hacer las rogativas que se practican todos los años..."

É de salientar que cada ano di a misa un cura diferente, é dicir, que o cura de cada parroquia misa un ano; e neste ano no cal estamos (2000) o deber recae en D. Antonio Rúa Saavedra, cura ou párroco das parroquias de Balboa e Arante.

Antoniorua.doc- un anaco de historia sobre As cruces.

Jpg: unha alegoría sobre a festa das cruces e dous momentos volteando os pendóns.

De cruces, pendóns e franceses

Antonio Rúa, Cura de Piñeira

O longo da derradeira década levouse a cabo da man de institucións varias e particulares entusiastas, unha laboura de promoción e divulgación en col do chamado Camino Norte. Esta ruta alternativa como é ben sabido conducía os romeiros a Santiago dende a veciña Asturias.

O camiñante atravesaba as Ribeiras de Sante cara á Serra da Cadeira polo Val e Lindín -tiña un hospital san Tomé e tamén o vello mosteiro dos Benitos- ou ben subía por Cubelas facer pousada na Ponte.

Anécdotas chocantes, tramos esquecidos ou vellos pontigos nos regatos foron sacados a conto en lembranza dun vieiro abandoado había ben anos.

Sen dúbida que foi o paso da Ponte de Arante un hito-importante no camiño -tamén nomeado francés en algunhas escrituras- co seu hospital de pelegriños e o san-tuario mariano anexo. Debeu resultar unha pintoresca pousada o complexo capela-albergue, polo ameno do lugar e a vexetación vizosa dos arredores. Dábanse cita de cote nestas pousadas pícaros e santos, de varia procedencia, viaxeiros se cadra algún deles do alén coma aqueles cunqueirianos que tras cruzalo Osar recalaban na pousada da Cruz. Persoaxes enxergados polo melancólico e fantástico Felipe de Amancia, o vello caronte de Pacios. A Ponte ten río. O regato que é mozo, escoa polos arcos de pizarra e pasa lambendo o adro de Nosa Señora. O turreiro ten palco da música e nel antano amenizaba as romaxes a banda de Vidal. Ata a plataforma achegouse o prelado Cuadrillero, viña de Visita e observando o espacio declarouno pouco apto para a gravedade das cerimonias, por ser lugar frecuentado do gado e que sirve para outros actos profa-nos.

Un ano deu en chover e choveu tanto que medrou o río e a chea barreu a ponte e mailo hospital e levou o manto da Santa que quedou prendido dunha silva perto da fonte de Nosa Señora. A fonte e a Virxe están perfectamente unidas na súa función sanadora-purificadora. Un manantío, a un tiro de pedra da capela, debaixo das silvas, segue a verque-las súas augas ó río do infortunio. En cada santuario, o seu/súa titu-

lar, sempre volta á fonte orixinaria (nalgúns casos unha cova ou un oco improvisado no seo dunha árbore sagrada). No caso da das Virtudes, valeuse naquela ocasión, da tempestade -igoal que o Deus Bíblico, para enviar unha súa prenda á morada primeira.

O solar do hospital aquel, rechegada a térra, ocupouse en amplia-lo campo da festa detrás da hermida. Alí é onde ano tras ano se bandea o pendón pola testa das Cruces.

A homenaxe, tinguida de certo halo cortés de etiqueta, é presenciada con agrado por centos de fieles. Distribuida a xente ó logo da baranda da ponte, e subida por aqueles poleiros que arrodean o campo, contempla no desfile de insignias dende un tempo extraño onde a mentalidade excesivamente práctica, prescindiu do simbólico, e a distancia que vai entre a Romanización e o ciberespacio.

Ollando para os máis cativos pendentes da festa, cavilaba eu na facilidade coa que se apegan estes eventos á mente fantasiosa dos nenos. Os máis deles tardarán en esquecelo, acubillado coa súa música e as súas cores tan vivas nalgún recuncho do maxín infantil. Son os anos das impresións máis fortes nos que a primavera, as merendas, os animáis da casa e máis de fora, a realidade vivida, vai máis ala dunha estación, dun alimento, dun cabalo ou dunha vaca, para convertirse en lugares de memoria que volven a través do lempo, evoca-dos ó entrar por unha porta ou ó escoitalo cuco ou mesmo ó ir destapafo testo dunha pota.

Os franceses viñeron despois. Traguían outros pendóns doutro signo ben diferente. O cura de Cubelas queimáronlle a casa. Houbo moita leña polo que se desprende da memoria histórica. Pero os pendóns e mailas cruces xa viñan de vello na Ponte. Viñan dende moitos sitios. En principio, os da anterga Vicaría de Sante. Esta, que era demarcación eclesiástica, collía a Couxela e Vilaousende, Piñeira e Vilaselán. Para rematalo Século das Luces era o vicario o párroco de Piñeira. Xunto del iba queixarse o cura de Santalla cando non lie saían as contas ó dereito (1).

Santalla e Couxela non perseve-raron na ofrenda, non obstante ser aquela un puntal forte, sen dúbida decisivo no despexe da escaramuza cos franceses. Presentouse con un grupo armado don Vicente Lamas de Quintalonga, e se cadra movido, non por ningún fervor patriótico senón porque o gabacho andáballe a esquilma-las oblatas co gallo do imposto de guerra. O alcalde De la Rocha, movilizou os de Sante.

"Con don Melchor de la Rocha presentáronse os vecinos con galle-

tas, paus de ferro e as mulleres con fouciños."

Na Grande Enciclopedia Galega amósase unha pequena reseña desta persoaxe, sen dúbida curio-sa na historia local.

O cura de Arante cheiroulle a chamusco do lado de Cubelas e non quixo saber nada do conto. Botou a andar. Nos asentos de defunción polas baixas que provocaron os enfrentamentos, firman os seus excusadores: por ausencia do párroco Francisco Javier Somoza. Ó millor estaba sobre aviso da sorte que correran as xentes da igrexa en anos próximos pasados co conto da Revolución francesa. Como estaba aínda fresco todo aquelo...

A cousa púxose moi seria. Forster, o inglés, viña á fronte dos da Xunta de Asturias pero non daba chegado. Os do xeneral Fournier daban leña. Ían para Mondoñedo.

O 5 de febreiro librouse a batalla.

6 de febreiro de 1809: Hachouse morto Xosé Fernández, marido de Rosa López de resultas do ataque do día 5 que tiveron os franceses cos españois na Ponte.

Hachouse morto na casa a Xoán Rico, ferido despois do ataque que houbo na Ponte o día 5 cos franceses e españois (...).

Son datos tirados do arquivo.

6 de febreiro: Morreu ferido dos franceses Xoán Gutiérrez, solteiro, administrado dos Santos Sacramentos (...).

O 8 de febreiro enterraron a Simón Amor no chan da cápela da Ponte. Non se puido enterrar na parroquial, por non haber quen fose polo cadáver a causa de estaren alí os franceses (2).

O cura Aenlle, párroco de Cubelas, da parte ó bispo dos desaguisados:

Señor, arderon xuntamente coa casa rectoral todo-los libros desta santa igrexa por obra dos franceses, nosos pérfidos enemigos. Tal feito acaeceu o día 5 de febreiro, no mesmo día en que o Deus dos Exércitos permitiu perdesemo-lo ataque que se deu en Nª Sª da Ponte (3).

Unhos folios máis adiante, de-clara o mesmo crego, despois de reconstrui-las partidas que puido mediante o testimonio dos que había vivos: "Co gallo da invasión dos franceses na derradeira guerra con esta potencia e teren arribado porción de tropa francesa a esta parroquia de Cubelas, despois de que saquearon e roubaron enteiramente a casa rectoral, prendéronlle lume con todo canto había nela. Ata os mesmos libros da igrexa foron consumidos por aquelas voraces chamas" (4).

Quedou Cubelas sen arquivo, parte ben importante da súa me-

moria histórica adoecéronlla.Viva a Egalité, Liberté e Fraternité. Aínda non sei como non os tentou o demo de ir queimarlle-la igrexa.

Cubelas tamén perdeu algún fe-ligrés:

Fol 31 Vt°. 3 de febreiro: Enterrouse Xosé Díaz do Vilar sen Sacramentos por téreno matado a fusilazos os franceses (...). A continuación, da ampia descripción das exequias.

4 de febreiro: Enterrouse Manuel (...) filio de Carlos, veciño de Axilde que dixeron estaba casado en San Mateo de Vidal de onde era veciño. Morreu de repente por un sablazo dos franceses.

5 de febreiro:. Simón Rodríguez, do Ésfolado, morreu repentinamente polos franceses.

5 de febreiro: Mataron os franceses a don F° Villapol, de Cubelas. O seu cadáver foi enterrado na igrexa de Cedofeita por non colle-ren máis nas de Cubelas, casado con doña Xosefa Pulpeira, da familia dos Pulpeiro de Vitela, nesta pa-rroquia.

Consta algunha partida similar en feligresías limítrofes, anque en menor número, segundo me consta por información do arquiveiro diocesán, don Xosé María Fernán-dez, a quen lle agradezo ben as facilidades dispensadas para o aco-pio deste material.

Polo tanto, podemos concluir que o eventual invasor tan so veu a tinguir de sangue e bágoas aqueles pendóns que en honor da Virxe das Virtudes viñan ondeando dende séculos atrás polo mes de maio.

Dende aquel ano desafortunado ben puido ser verdade que tomaría a concentración anual un cariz de desagravio e acción de gracias. Anque o testimonio do crego Aenlle é de que a batalla foi librada a favor do invasor.

Quixera atallar con esto a exclusiva ligazón que os medios divulgativos veñen facendo dende hai uns anos entre a cerimonia das insignias e a escaramuza engloba-da dentro da guerra da Indepen-dencia.

A procesión das Cruces ten que buscalos seus ancestros na concentración das diversas rogacións que se facían polo ano adiante ó santuario (Invención da Santa Cruz, rogativas, Pascua de Resurrección e Sancti Spíritus...). Estas procesións proliferaban a contra gusto dos Visitadores episcopais, por esta-los camiños intransitables e non se levaren a cabo coa decencia debida.

Nun descargo de contas do ano 1660, os vecinos de San Tomé de Lourenzá, gastaron cinco rás e me-dio daquel tempo en pólvora para levar á procesión de Nª Sª da Ponte nos días previos ó dez de Abril. (4)

Polo tanto naquela data xa está probada a existencia da procesión.

Daquela as inmediacións da hermida debían ofrecer un fermoso panorama enfeizado cun número considerable de insignias coas que como se pode ver concorrían a face-la súa ofrenda dende puntos aínda ben distantes.

Invócase o favor da Virxe das Vir-tudes, cuia advocación ven ó parecer de virtude/poder e non como puidera parecer, de virtude ou virtudes morais, sobre todo na feliz consecución das colleitas. Os desconxuros do pedrazo e da langosta están dende tempos antigos moi unidos a este tipo de procesións. Na parroquia de Balboa-Trabada, apuntan que un ano que deixou de acudir corporativamente ás Cruces apedrou o pan en todo o contomo da parroquia. Estando eu un día a come-la merenda na casa duns meus feligreses, deu en encapotarse o ceo e así deu en tronar e en caer chispas. Entrou a ama cunha candea acesa e convidounos a que rezásemos todos unha salve á Virxe das Virtudes para que levantara todo aqueto. Algo de ter a Virxe das Virtudes por abogosa das colleitas e do tempo favorable para as mesmas, ten que ver co feito de aparecer andando o século dezaseis, "unha imaxe do Noso Señor de retablo estando coas cinco plagas" exposta á veneración nun lugar principal.

Iconografía da Virxe das Virtudes

A imaxe que se venera actual-mente na capela maior do santuario e de factura moderna, das chamadas de bastidor e pouco OU nada ten que ver coas diversas imaxes que se ven nomeadas na documentación a través dos séculos. Despréndese do seu aspecto que a tipoloxía primitiva, medieval ou renacentista foi sufrindo diversas adaptacións, efectuadas para poder lucir os ornamentos cos que decote se vía agasallada polos seus devotos. Diversos inventarios fálannos de dúas ou máis imaxes de diversos tamaños a un lempo no retablo. Dúas de bulto cos seus nenos no colo coa súa poma na man -unha grande e outra pequeña-.

Había outra imaxe de Nª Sª pintada nun lenzo con unha nao e san Pedro. Outra pintada tamén nunha superficie coa Virxe e os Reis Magos, de longa tradición na espiritualidade galega e de posible ascendencia goticista. Non se conservan. A ligazón dos santuarios marianos co mar e as súas xentes non deixa de ser un lugar común en todo o litoral, incluso coma neste caso cando se trata dunha capela situada cara ó interior. Estamos aínda lonxe da popular veneración mariñeira pola V. do Carme. Esta virá da man dos cro-mos ou láminas divulgadas ó longo do século XIX socorrendo as Animas de entre as chamas do Purgatorio. Naquelas chamas as xentes do mar vían as ondas dun mar bravo de onde eran quitados os náufragos. Aquí pódese ver como unha advocación nova -cun

senso novo- veu a sustituir outras de maior raigame apotropaica na nosa costa como son, Nª Sª de Vilaselán, as Virtudes ou mesmo San Pedro.

Polo tanto parece ser que o único que permaneceu na imaxe que hoxe conocemos e que puidera conservar algún rasgo das súas características primitivas, son as mans -substituídas tamén a pasada década-. Conservouse o detalle da poma periforme unida a unha das mans. Esta perdeu o seu senso de froito da Redención ó ser despoxada do Neno a Virxe. O seren refeitas as mans, a poma quedou convertida nun insultante pemento roxo.

A cabeza tamén foi substituida po-la actual de rasgos máis naturais anque pouco ou nada ten que ver xa coa firmeza de rasgos que se conserva nas primitivas.

Recentemente e debido as restauracións efectuadas nos muros a iconografía mariana viuse cumplimentada por unha representación a xeito de ofrenda. Amosa os misterios da Inmaculada Concepción, a Coroación de Nª Sª e un pranto sobre Cristo morto. Preséntanse nun panel dividido por baquetós, de grande formato anque o seu estilo está inscrito nun primitivismo arcaizante. O seu mecenas, segundo reza nunha cartela adiacente: Don Pe-dro Pardo de Aguair, señor do coto de Samarugo.

O exvoto mariño

No penal da nave, polo lado da Epístola, apareceu tra-la derradeira restauración efectuada na capela un extraordinario exvoto polo seu tamaño e polo soporte empregado. Testimonio éste do agradecemento dun mariñeiro qué se viu apretado entremedio das ondas. A cartela inferior reza deste xeito. E voume pouco a pouco, pois non está moi doado de ler:

Domingo de Carranza e Aguair, capitán da infantería española (...) estivo nesta igrexa de Nosa Señora das Virtudes no ano 1594. No mesmo ano embarcou para as Indias nunha nave (...) Catalina (...).por capitán ó ano seguinte de 1595 en Ca-vo de San Antón (...) e deulle unha tan recia tormenta de furacán e Norte que partiu as dúas árbores, o maior (...) e (trinou) o (...) a nave coas belas lacias (...) caeu ó mar e véndose en tan grande peligro de morte encomendouse á Virxen Santa María nesta Santa Casa e despois milagrosamente estando afundidos ven (bó) tempo eo mar en bonanza e dalí a nove días despois do trebón andivo máis de duascentas sesenta leguas asta (...) estimaba que era cousa imposible de poder (...) catro (...) que se non fose por milagre tan (...)daquela cidade foi manifesto a todos e sairon en procesión co Santísimo Sacramento (...)

Don Gonzalo de Amoeiro e Candía, chantre e Coengo (...) de Mondoñedo (...) a nao un vestido de carmesí, unha lámpara de prata e unha arroba de aceite a Nosa Señora (...) en loubanza e groria de deus e da sua Santísima Nai. Santa María das Virtudes. Ano Domini 1606.

E paso a describi-la ilustración que está na liña dos exvotos mariños. Non se conservan casi exemplares desta época, e menos pintados ó fresco ó longo dunha parede.

Nos extremos dúas vilas fortificadas amosan as súas torres tra-las murallas a rente do salgueiro. A que poñen como punto de saída despide unha carabela con tódolos seus aparellos coas velas inflladas e unha bandeira desplegada a popa. Vai navegando sobre ondas ben trazadas. A vila ten un forte con torre redonda no cabo e bocas de caños saindo polas saeteiras cara o mar. Do mesmo forte baixa un carreiro trazado por entre as penas. A vila que aparece ó outro extremo pechando a composición foi identificada por unha grafía que se amosa ilexible en frente dun dos seus baluartes. Edificada enriba do acantilado, aduviase cun continxente de persoas que saen das murallas para recibir a unha nave desarbolada que perdeu os seus aparellos no mar. Parte dos paus rotos e as velas amósanse ciscados tra-la carabela ou galeón por entre as ondas. Vai cargada de xente. Na beiramar vese un clérigo revestido de pelliz que parece portar un manual e outro obxecto non identificado. Á súa veira un acólito con cruz alzada e unha persoaxe de xeonilos coas mans dereitas. Tra-lo crego cinco paisanos con bombachos e xubóns ó uso, algúns co chapeu na man. Tras deles dúas donas, unha parece levar un neno ó cabaliño. Dende a muralla outra persoa fai acenos coas mans cara á nave aue se achega. Esto é o que con sorpresa e atención puiden endelgar. Noraboa polo achádego ós vecinos da Ponte e ós amantes destas curiosidades.

Tipoloxía das cruces

Vense un día para mín un pillabán dun meu feligrés que me bota unha man por alí cando pode e que estaba a ollar para a cruz boa posta na igrexa e díxome el: - ¿A mellor de cantas van aló aquel día é a nosa, ou non, señor cura? E díxenlle eu: -De momento, a máis bonita non o sei, a máis pesada é a que Deus me deu a mín contigo que canto eu compoño vesmo ti descompoñendo tras min. E díxenllo de broma, non sei o que entendeu porque cada un entende á súa maneira.

Con unhas cantas visitas e no que puiden endelgar e entendo, a millor das sete cruces é a de Balboa, e despóis a de Cedofeita e a de Sante, por esta orde.

A de Obe é sinxela, posiblemente do XVII, con macolla periforme e cuadrón calado á xeito de potencias. Loce tra-lo atleta un medallón coa cruz dos cabaleiros de S. Xoan de Xerusalén en relevo dorado. Como representantes do comendador de S. Xoan de Portomarín, pola sua dignidade, pasaban diante e cruzan a ponte diante das outras insignias.

A de Vidal é Neoclásica e a de Cubelas pode que sexa do taller compostelán dos Piedra (s. XVIII).

A Cruz de Sante é a de maior tamaño, pero é de factura popular, saída posiblemente dun taller local (Mondoñedo ou Viveiro). Cuadrón central decorado con un INRI; por un lado amosa a Cristo e polo reverso o patrón, S. Xulián, con casaca francesa e mosquetón. Con remates atrebolados con realces a xeito de espellos. Amosa unha inscripción ou acróstico na macolla.

A cruz de Cedofeita é unha cruz grega de factura noble e decoración miuda. Remates atrebolados con catro resaltes circulares nos intermedios e plafón central cuadrado con dous astros referentes ó eclipse que relata o texto bíblico e que enmarcan a figura de Cristo. Os remates exteriroes dos brazos acubillan medallas sobredoradas cos Evanxelistas e os Pais da Igrexa distribuidos no anverso e reverso. Os relevos son dignos dun Becerra ou dun Juni.

Na imaxinación popular convertidas en onzas de ouro, pois mais ou menos son dése tamaño. A macolla é simétrica e bulbosa, pode estar a cabalo entre o XVI e XVII. Amosa polo reverso a figura da titular, Sta. María Madalena.

A Cruz de Balboa é unha peza áulica. De factura impecable. Cruz latina, algo mais longa que a de Cedofeita. Vai decorada con espellos e grutescos. Cuadrón central circular. Amosa un atleta de estética manierista e unha purísima cos sinais do Apocalipse. Os remates exteriores van trebolados con torniños nos tres extremos. A macolla é longa e elegante. Está dividida en dous corpos e unha base a xeito de doble prato. O corpo superior divídese en cuarteles mediante gallóns de factura renacentista. Cruz e macolla van uni-das por un dispositivo de encaixe con seguro de cadeíña.

Esta cruz sufriu recentemente unha restauración importante, que lle afectou á alma interior de madeira, remates e parte da chapa. Froito dun accidente sufrido ó caer dende o pico dunha caballería ó chan cando o seu portador se dirixía á romaxe da Ponte.

Toda estas pezas teñen unha alma ou forma de madeira sobre a que

van disposta-las planchas metálicas e supoñen en case tódolos casos un pequeno tesouro gardado con celo por cada unha das parroquias. A cruz procesional considérase a insignia identificativa por excelencia de cada comunidade e en tempos pasados o feito de entrar nun sitio coa cruz alzada supuña unha toma de posesión ou ía revestido dunhos poderes concretos que en ocasións chegaron a suponer importantes malleiras de paus entre grupos diferentes de portadores.

As partes máis nobles adoitábanse sobredorar e nos máis dos casos consta pola inscripción a súa data ou donante e tamén a titutaridade, sendo pouco frecuente topar, alomenos a nivel local, marcas dalgún taller ou obradoiro concreto.

Actualmente e no acordos dos de máis idade, asisten con cruz e pendón á Ponte as parroquias de Arante, Vidal, Cubelas, Cedofeita, Obe, Balboa e Sante. Preséntanse por ambos lados da Ponte nunha orde establecida. Preceden a Procesión coas imaxes e levan a cabo as reverencias acordadas.

(1) Libro memorial da Parroquia de Sta. Eulalia de Vilaosende. composto por don Manuel Antonio Miramontes, Pbrº.

(2) Libro de mortos de Arante. Fol 183vto.

(3) Libro I de bautizados de Cubelas. Fol 1.

(4) Libro I de fábrica Sto. Tomé de Lourenzá

Imaxes da festa

Proxecto Educativo Europeo
"WWW.FESTPOP.EDU

Enquisa para a catalogación das festas populares / Tabulación de respostas

1. Nome da festa

1.1 Orixinal: As San Lucas

Esta festa non corresponde a Ribadeo, sendo unha referencia próxima.

1.2 Traducción: ***Festas das San Lucas***

2. Lugar

2.1 País: España

2.2 Rexión: Galicia

2.3 Localidade: Mondoñedo

3. Tempos

3.1 Data día/mes: A festa propiamente dita é o día 18 de outubro, se ben os festexos esténdense varios días arredor, uns cinco aproximadamente segundo o ano.

3.2 Duración: uns cinco días.

3.3 Horario: Durante todo o día, se ben as actividades varían coa hora.

4. Descrición

4.1 Ocasión/ motivación: Os festexos rememoran a consagración da Santa Igrexa Catedral de Mondoñedo, nese día de 1248, entroncando coa festa na honra de S. Lucas e a compra/venda de gando.

4.2 Orixe (festa relixiosa / pagá): relixiosa, se ben aproveitada para realizar tamén unha feira.

4.3 Ambiente: gando, larpeiradas, música e baile.

4.4 Elementos esenciais (s se son esenciais, n se non o son): ritos relixiosos na igrexa: na actualidade, non nun primeiro plano, se ben permanecen nun segundo lugar.

Procesións: tradicionalmente non, hai unha procesión de orixe recente.

Participación directa dos presentes: non, se exceptuamos momentos concretos como algunha exhibición a cabalo improvisada, ou os bailes na verbena.

Desfile en traxe típico: si, se ben co mesmo sentido que noutras festas da comarca.

Carrozas: si, a da raíña das festas.

Fogos artificiais: si. Concéntranse na noite, na verbena.

Teatro de rúa: si, xigantes e cabezudos por unha banda e saltimbanquis e músicos por outra.

Xogos tradicionais: si

¿cales?: O tangueiro. Na actualidade en desuso, consistía nun guerreiro de pao usado antigamente de forma que, articulado sobre un eixe, era golpeado, e daba voltas cun contrapeso (vexigas de cocho) que podía, á súa vez, golpear.

Música e baile:

Banda: si.

Grupos espontáneos de músicos: si.

Cantos: si.

Bailes tradicionais: si. O normal é a interpretación dalgún grupo tradiconal, incluíndo bailes.

Bailes modernos: si. Os realizados coa interpretación das orquestras.

Participación principal (h, homes; m, mulleres; n, nenos; x, xoves): todos. Hai actividades para todos os grupos.

Venda de productos artesáns locais: si. Coiro (en particular, arreos de gando), cestería, ferros (apeiros de labranza e útiles diversos) asemade, chigres e vendedores ambulantes.

Alimentos tradicionais: castañas e mel, de xeito principal.

Animais: si. A feira de gando é a base tradicional; de xeito que moitas veces fálase delas como de "A feira" e non de "A Festa". A venda, hoxe en día, é sobre todo de cabalos salvaxes, pero tamén de gando bovino).

Feira / mercado: si. Con aparellos agrarios de xeito principal.

Outro:

5. Informacións útiles

5.1 Para saber máis (Bibliografía, documentos, ...): Na biblioteca municipal e na oficina de Turismo de Mondoñedo.

5.2 Como se chega: A Mondoñedo chégase de xeito principal pola estrada N-634 dende Vilalba ou dende a costa de Lugo. Mondoñedo está preto da costa do mar Cantábrico, a 43º28'N, 7º32'W.

5.3 Pode requirirse información a: Concello de Mondoñedo ou Oficina de Turismo.

Datos recollidos por: Fátima López

6. Comentario xeral / Aclaracións ós datos antes expostos e outras informacións.

Dende o ano 1156, gracias ó escribán Xan dos Muíños, sabemos da existencia da feira das San Lucas, moi coñecida pola compravenda de gando. O rei concedía o facer feiras e con motivo da consagración catedralicia, quedou asociada a feira á mesma.

Se pasas por Mondoñedo ou arredores, é obrigado facer unha pequena visita a esta urbe de pedra relixiosa. Se é durante o outono, a mediados de outubro, ademais de visita-la cidade, deberás visita-las grandes festas das San Lucas.

Xa dende antergo a feira das San Lucas chama a moita xente, sobre todo do sector primario. O máis importante quizais sexa a feira do gando. Esas reses que cheiran a bravura e bo feito, con carnes curtidas polas duras condicións das montañas. Nesta feira non só hai cabalos (animal máis significativo da feira) tamén se poden atopar vacas e bois, cabras, carneiros e ovellas.

Á parte da feira gandeira, ó longo da rúa Calvo Sotelo e Leiras Pulpeiro, dende a Alameda ata a Catedral, séguense un senfín de postos de roupa, calzado, ferramentas e trapalladas; mesturados entre eles, atópanse improvisados músicos, teatreiros e saltinbanquis. Na Alameda, vixiada pola igrexa dos Remedios, atópanse as orquestras, as atraccións, as polberías, os bares, os postos de larpeiradas, e como non, os postos de roscas, bolas de pan e empanadas. ¿Quen se vai das San Lucas sen probar un destes manxares?

Dende o 93, Mondoñedo conta con outra atracción máis, a Feiramostra, no campo da antiga escola agrícola ou no pavillón municipal. Nesta exposición, podes encontrar maquinaria agrícola, plantas e árbores de repoboación, mobles, coches novos e antigos, pensos, sulfatos e abonos, cantería, queixos, doces, artesanía, utensilios caseiros e tamén hai un espacio adicado á repostería mindoniense: a torta de Mondoñedo. Tódolos anos adícaselle un día a un concello da Mariña Lucense e a un concello asturiano. Outro aspecto salientable é a presencia de satinbanquis,malabaristas, e teatreiros que no ano pasado (1998) tiveron unha gran acollida no espectáculo realizado. Ademais, tamén podes gozar, entre outras cousas, dos museos do mago Merlín de Mondoñedo, espectáculos para cativos e maiores, bailes tradicionais, a maxia do mago Antón, verbena e concertos.

Unha figura a destacar das San Lucas son as Sanluqueiras. Son as raíñas das festas. Estas abren as festas, a feira e a feiramosta.

É unha das feiras máis importantes do ano na zona, ó tempo que unha festa popular á que acode xente de todo o contorno. E, por des-

contado, os tratantes de gando, que lle proporcionan o seu vigor.

O lugar é un sitio célebre para as polbeiras, que se establecen ó longo da vila e que subministran polbo, pan artesán e viño.

Unha tradición de Mondoñedo é a súa torta, feita con cabelo de anxo e améndoas, que se vende ó longo de todo o ano pero en particular nestas datas.

Tamén se vende mel e castañas, útiles artesáns como gadañas ou chocas, útiles de madeira, coitelos e navallas, ou de cociña, como churreiras. Complétase a venda con cintas audio e outras moitas cousas de pequeno tamaño, así como cos productos que ofertan as palilleiras e a xente que traballa a cerámica, da que Mondoñedo ten varios representantes de sona.

O movemento que se observa nos postos decide hoxe que a feira se manteña con vigor. Na actualidade ten importancia tamén a exposición de gando, promocionada cos seus premios. O gando, en particular, os cabalos, son recollidos o día anterior e levados polos "bruneses" en camiñatas pola noite.

As familias reúnense para comer polbo (e tamén lacón cocido) nos postos ambulantes, en susbtitución das merendas celebradas antigamente, nas que as familias levaban a comida a un campo nos arredores da poboación.

Os Cabalos na Feira

As Sanluqueiras, no desfile

Festas populares

Relación de festas nos concellos achegados a Ribadeo dos que se recolleron datos.

Ordenación segundo concello, Parroquia, e, no seu caso, barrio:

1. Ribadeo
1.1. A Devesa
San Ramón
Santa Eulalia (A Concha)
1.2. Arante
San Pedro
Romería das Cruces
1.3. Cedofeita
A Madalena
1.4. Couxela
San Xoán
1.5. Cubelas
Os dolores
1.5.1. As Anzas
O Carme
1.6. Dompiñor
1.6. Ove
San Xoán Bautista
1.7. Piñeira
O Santo Cristo
1.8. Remourelle
A Madalena
1.10. Rinlo
San Pedro
1.9. Ribadeo (Sta María do Campo)
Sta. María do Campo (patronais)
San Roque (copatronais)
Antroido
Xira a Sta. Cruz
Nosa Señora do Carme ("O Carme")
San Ramón
Festa da Virxe de Sta. Cruz

1.10. Santalla de Vilaosende
Sta. Tareixiña do neno Xesús
Santa Eulalia (A Concha)
As flores
O Sagrado Corazón de Xesús (desparecida)
1.11. Vilaframil
San Lourenzo
1.12. Vilaselán
Nosa Sra. de Vilaselán (Patronais)
San Antonio (copatronais)
O Carme
2. Barreiros
2.1. Benquerencia
San Pedro
Nosa Sra. da Candelaria
Festa da terceira idade
2.2. Celeiro
Santa Cristina
Festa da tortilla
2.3. Insua
Santa Ana
2.4. San Cosme
San Cosme
San Esteban
Corpus Christi ("O Corpus")
2.5. San Miguel de Reinante
San Miguel (patronais)
Feira de San Rosendo
Santo Estevo de Pagá
Festa do Emigrante
2.6. San Xusto
San Xusto
2.7. Santiago de Reinante
Santiago
Festa da pataca
2.8. Vilamartín Grande
O Carme
2.8. Vilamartín Pequeno
2.8. Vilamar

3. Trabada
San Xulián
Santo Rosario
San Bricio
San Marcos
Asunción
Santa María
4. Vilanova de Lourenzá
San Marcial
San Antón
San Adriano
Santa Filomena
Conde Santo
5. Mondoñedo
San Lucas
Santa Mariña
5.1. Oirán
Os Milagres
6. A Pontenova
Festa da Troita
6.1 Conforto
Nosa Señora
7. Riotorto
Santa Eulalia

--- Doutras festas máis alonxadas dipóñense de datos, sen estar catalogados.

Estas páxinas foron posibles debido á participación maior ou menor de, entre outras, as seguintes personas:

Alumnos:
Mónica Álvarez Bouso
Natalí Balsa Fernández
Nelly Bouso Gasalla
Sandra Cagigal Gómez
María del Carmen Cancio Mesa
Sonia Cao Álvarez
Raquel Carril y García-Bustelo
Marcos Casielles Alonso
Ramón Francisco Castro López
Bonet Cid Salgado
Mª Antonia Docobo Fernández
Elisa Dorrego Keiter
David Fernández Maradona
Tania Freije López
Leticia García Chao
Alberto García López
Ana García Pestaña
Carlos Gómez Pérez
Rebeca Gómez Yáñez
Ramón González Barcia
Diana Grandío Moirón
Javier Gutiérrez Alonso
Ana Belén Hermida Iglesias
Carmela Lamas Pérez
Marta Llenderrozos
Xesús López Fernández
Javier López López
Vanessa López López
Ánxela López Pulpeiro
Concepción López Seijas
Fátima López Soto
Antonio Luna Jartín
Begoña Machado Prieto
Pablo Méndez Rodríguez
Alicia Méndez Santamarina

Paloma Miranda Valiña
Juan A. Peña Villapol
Natalia Pérez Rivas
Tania Piedra Méndez
María Prieto Vázquez
Santiago Prieto Vázquez
Mónica Reigosa Sanjurjo
Diana Rey Resúa
Martín Rocha García
Javier Rodríguez Alonso
José Daniel Rodríguez Martínez
Eva Rubal Neira
Sandra Santamarina Fernández
Sara Torviso Rodríguez
Noa Veiguela Fernández
Susana Villaveirán Fernández
Miriam Vilar Álvarez

Dirixidos polos profesores:
Isabel López Fernández
Julia Gallego Rodríguez
Antonio Gregorio Montes

Coa colaboración de:
Josefa Mosqueira Rañón
Edelmira Mª Parga Valiña
Xoan Xosé Sáa Fernández

E coordinados por:
Antonio Gregorio Montes

Asemade, participaron diversas personas coas súas colaboracións, presentadas de xeito firmado no texto. E colaboraron moitas máis que non aparecen... gracias a todos.

Este libro se terminó
de imprimir en los
talleres de Gráficas Ribadeo
en Agosto de 2001.